

# COMPOSTELA VIVA



**Programa electoral 2007**

eleccións municipais

faremos  
máis

PSG  
PSOE



**ELECCIÓN MUNICIPAL**  
**27 de maio de 2007**

**PROGRAMA ELECTORAL DO PSdeG-PSOE**  
**SANTIAGO DE COMPOSTELA**





## **INTRODUCCIÓN**

### **OBXECTIVOS CENTRAIS DO PROGRAMA PARA 2007-2010**

- 1** Mellorar a vida das persoas
- 2** Consolidar a relevancia de Santiago de Compostela para Galicia
- 3** Aumentar a dimensión de Compostela como Patrimonio Cultural da Humanidade
- 4** Modernizar e facer máis accesible a administración municipal

### **ÁREAS SECTORIAIS NAS QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA**

### **PROPOSTAS MÁIS DESTACADAS**

### **PLANOS**



## INTRODUCCIÓN

No ano 2003, o programa electoral de Xosé A. Sánchez Bugallo á Alcaldía comezaba facendo un repaso histórico do rol dos socialistas en Santiago de Compostela que hoxe cómpre reiterar. En efecto, os socialistas gobernamos Santiago de Compostela dende 1983 coa soa interrupción dun ano e medio. Vinte e catro anos nos que con maiorías minoritarias, con maiorías absolutas ou con gobernos de coalición; con gobernos afíns ou non afíns na Deputación, na Xunta ou no Goberno do Estado contribuímos á transformación da nosa cidade liderando o seu proceso de modernización.

Ese liderado baseouse na nosa capacidade para lle propoñer a Compostela proxectos ilusionantes, e na nosa capacidade de facelos en boa medida realidade por medio dunha eficaz acción política e xestora.

## **PROXECTOS E CAPACIDADE POLÍTICA E DE XESTIÓN** é o que os socialistas achegamos a Compostela

Dende 1983 a 1991, o noso traballo municipal serviu, fundamentalmente, para lle devolver ao Concello un papel central na vida da cidade, acadar para esta un novo recoñecemento internacional, acorde coa súa historia, e consolidala *de feito* como capital de Galicia, corrixindo graves carencias básicas en infraestruturas e servizos, facendo nacer un proxecto cultural e de posta en valor do seu patrimonio, e dándolle un proxecto urbanístico, materializado nun novo Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Por medio dun programa de acción que tomou como referencia os anos xubilares de 1993 e 1999, o Concello conseguiu impulsar a creación dunha armazón institucional, concretada no Real Padroado e o Consorcio, que serviu para financiar e executar, nun contexto de cooperación interadministrativa, as mais grandes infraestruturas previstas no Plan Xeral de 1989 –como o periférico,

o novo Hospital Clínico Universitario, as novas áreas comerciais, o novo Mercado de Gando, o Pazo de Congrosos e o Multiusos do Sar-, desenvolver as políticas de protección e rehabilitación do Casco Histórico e dar un excepcional pulo á promoción turística e ao desenvolvemento cultural da cidade.

Estes factores deron lugar a unha gran cantidade de recoñecementos internacionais para Compostela, e á súa designación como Cidade Europea da Cultura no ano 2000, xunto con outras oito capitais europeas.

No período 1999-2003, levouse a cabo un importante impulso á política urbanística e de vivenda, o que permitiu materializar os novos ensanches da cidade e retomar os programas de vivenda pública. Ao mesmo tempo, púxose en marcha un ambicioso plan de mellora da calidade urbana, no que destacou a reurbanización do Ensanche e do Casco Histórico, coa conseguinte construción de aparcamentos, así como a extensión das zonas verdes e a ampliación da rede de Centros sociais; por último, produciuse un importante desenvolvemento da participación cidadá e abriuse un proceso de reflexión para a configuración das bases dun novo proxecto de crecemento urbano, materializado no avance do novo Plan Xeral de Ordenación e o Plano Estratéxico.

Todos estes procesos, esencialmente derivados da iniciativa e da responsabilidade públicas, culminaron no 2002 co definitivo recoñecemento legal de Santiago de Compostela como capital de Galicia.

Tamén o balance do mandato municipal 2003-2007 é moi positivo porque, ademais de consolidar os procesos de expansión e crecemento urbanístico (tanto en infraestruturas como en vivenda), e de xeneralizar as melloras do deseño urbano, posibilitou acadar e consolidar novos consensos políticos e administrativos, especialmente no plano comarcal, e desenvolver de xeito definitivo o Plan



Xeral de Ordenación Municipal e o Plan Estratéxico de Santiago de Compostela, que programan o futuro da cidade cun horizonte entre 10 e 15 anos.

Os socialistas, dende a Alcaldía e o goberno municipal, fomos parte decisiva no deseño dese horizonte para Compostela e, por iso, sentímonos plenamente responsables desa programación de futuro e identificados cos seus obxectivos. Non é de estrañar, xa que logo, que o noso programa electoral, o documento no que definimos as nosas propostas para acometer dende o goberno da cidade no período 2007-2011 teñan en conta as formulacións derivadas deses instrumentos de planificación.

En concreto, o Plan Estratéxico de Santiago de Compostela aposta por un escenario dinámico, no cal o encadeamento de efectos na cidade da combinación da evolución da dinámica económica galega, a mellora das infraestruturas de comunicación coa rede europea e de articulación do sistema urbano rexional, e a atracción da cidade para aumentar a expansión da súa base económica, fai posible acadar este obxectivo central:

**Facer de Compostela a porta da Galicia dinámica e innovadora. Unha cidade aberta, unha cidade de encontro, cun horizonte de desenvolvemento continuado e sostible capaz de achegar á capital de Galicia unha base económica sólida, diversificada e competitiva e aos seus habitantes un futuro con emprego de calidade, cohesión social e calidade de vida, nun contorno ambiental e urbano de excelencia, vivo e preservado para o seu goce como patrimonio cultural da humanidade.**

Para a determinación dese grande obxectivo, o liderado do Alcalde e do PSdeG-PSOE foi determinante. Tamén para as accións e orientacións que o Plan Estratégico establece e define. Así podemos afirmar que nestes últimos catro anos, os socialistas consolidamos o rol que vimos desempeñando en relación co progreso de Santiago dende 1983, que se pode resumir en catro trazos: capacidade de liderado, estabilidade, ambición e solvencia nos proxectos propostos, e capacidade para xerar dinámicas de cooperación política, entre administracións, entre o sector público e o privado, e entre as institucións e os cidadáns.

Por iso, o PSdeG-PSOE é a garantía dun goberno serio e comprometido con Compostela, e da realización dos proxectos que formulamos.



**OBJECTIVOS CENTRAIS  
DO PROGRAMA PARA 2007-2011**

Como xa sinalamos, o mandato municipal 2003-2007 marcou en boa medida liñas moi claras para a xestión no mandato 2007-2011, que nós asumimos.

Non obstante, cada forza política achega un xeito especial, un acento marcado nas orientacións e prioridades que caracterizan o seu perfil. Por iso, as nosas propostas programáticas poden sintetizarse nestes catro obxectivos centrais:

**1 MELLORAR A VIDA DAS PERSOAS**, a través dun programa, que denominamos Compostela Viva, no cal se integran accións para acadar:

- O desenvolvemento económico e o emprego
- A calidade de vida
- A cohesión social

**2 CONSOLIDAR A RELEVANCIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA GALICIA** convertendo a Capital en:

- a Porta da Galicia dinámica e innovadora
- b Contribuíndo a que o Xacobeo 2010 sirva para impulsar o desenvolvemento e promoción exterior de Galicia.
- c Centro dun amplo *hinterland*
- d Centro dunha comarca viva e en crecemento

**3 AUMENTAR A DIMENSIÓN DE COMPOSTELA COMO PATRIMONIO CULTURAL DA HUMANIDADE** procedendo a acadar:

- A ampliación do ámbito declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO
- A plena recuperación urbana do seu Centro Histórico
- A consolidación da cultura do Patrimonio

**4 MODERNIZAR E FACER MÁIS ACCESIBLE A ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL**

## 1

### **MELLORAR A VIDA DAS PERSOAS, a través dun programa, que denominamos Compostela Viva, no cal se integran accións para acadar:**

- O desenvolvemento económico e o emprego
- A calidade de vida
- A cohesión social

Compostela está consolidándose como unha cidade cun bo nivel de equipamentos e infraestruturas, tanto polas xa executadas como polas programadas. A calidade do seu deseño urbano tamén é evidente, así como a relevancia das políticas de preservación e posta en valor do seu patrimonio e, mesmo, a súa importancia como urbe con proxección no mundo.

Por iso, a prioridade para o futuro xa non está tanto no que poderíamos denominar a construción da cidade (que progresa en base aos mecanismos e acordos xa establecidos), senón na calidade de vida da xente que vive ou traballa nela, para o cal cremos posible desenvolver unha acción pública máis específica e innovadora.

Esa mellora depende de tres factores, que son insolubles:

- Un desenvolvemento económico sostido que facilite o acceso a un emprego de calidade.
- Unha mellora da calidade de vida dende a perspectiva dos servizos, dotacións e infraestruturas públicas.
- Unha crecente cohesión social.

Os socialistas lideramos en España a consolidación e ampliación de dereitos das persoas, tanto en termos históricos como actuais. Iso é así porque, sen excluír o papel

da iniciativa privada e social, cremos na importancia dos poderes públicos no artellamento social; porque confiamos na responsabilidade das persoas sobre a súa propia vida, pero consideramos que as colectividades deben compartir con elas a solución dos seus problemas e dificultades. E todo iso, traducímolos en accións e prioridades políticas sempre que temos oportunidade de gobernar.

Con ese ánimo abordamos o novo período no Concello de Santiago, no cal queremos abrir un NOVO TEMPO enfocado na persoa tratado individualmente, é dicir, arredor da súa vida cotiá, e cunha visión integrada das súas necesidades.

Buscamos un novo xeito de aproximación entre o poder municipal e os cidadáns, xa non só vistos como veciños, ou membros de corporacións, senón como individuos. Iso vai requirir novas estruturas organizativas e novas pautas de actuación.

Para iso propónse deseñar e desenvolver no vindeiro mandato un programa integrado de mellora da calidade de vida en Santiago de Compostela que denominamos: Compostela Viva. Ese programa será unha aplicación ao plano das persoas das grandes liñas do Plan Estratéxico e do Plan Xeral de Ordenación Municipal, dando lugar á integración nel dos axentes sociais e os públicos, arredor dos seguintes obxectivos:

- Asegurar a calidade da formación das persoas.
- Contribuír ao crecemento de oportunidades para o emprego, tanto cuantitativas como cualitativas.
- Mellorar a mobilidade e accesibilidade urbana.
- Facilitar o acceso á vivenda.
- Fornecer as persoas de servizos de atención persoal e de integración social.
- Facer accesibles e máis amplos os recursos e opcións de lecer, culturais e deportivos.

- Mellorar os aspectos ambientais.
- Consolidar un contorno vital seguro.

**Compostela Viva integrará, por medio dunha coordinación no plano local, as accións dos seguintes recursos sociais**

**Sistemas universais de protección social:**

- a O educativo
- b O de Seguridade Social, coas súas prestacións por xubilación, desemprego, inserción laboral/formación, etcétera.
- c O sanitario
- d O de dependencia
- e O de seguridade cidadá.

**Sistemas de protección social específicos:**

- a O de protección á infancia.
- b O de promoción da igualdade de xénero.
- c O de atención á drogodependencia.
- d O de atención aos maiores para un envellecemento digno, activo e saudable
- e O de atención ás minusvalías e promoción da autonomía persoal.
- f O de acollida e orientación a inmigrantes.
- g O de atención as familias e as persoas en risco de exclusión social



**Prestacións e servizos complementarios de carácter social:**

- a Acceso a vivenda de promoción pública.
- b Subvencións ao uso do transporte.
- c Accións complementarias de apoio educativo (períodos de lecer).
- d Servizos de dinamización sociocultural.
- e Servizos deportivos e culturais.

**Infraestruturas de carácter público e impacto na calidade de vida:**

- a Urbanización.
- b Parques e xardíns.
- c Transportes
- d Centros de reunión.
- e Centros de acollida.

A mellora cualitativa da vida da xente depende, cada vez máis, da relación e coordinación de todos eses servizos para estes chegar de xeito integrado a atender as necesidades das persoas. A clave da mellora está na interrelación e a conexión de todos estes aparellos e servizos, e ese traballo é o espazo normal de acción dun concello, porque consiste, esencialmente, en atopar xeitos de artellar o plano “macro” co “micro”. Por exemplo: non sirve de moito mellorar a infraestrutura de transporte comarcal con recursos de grande capacidade se non se asegura unha distribución eficiente dos fluxos de tráfico rodado e peonil no lugar de destino. Tampouco serve de moito facer unha política de promoción da muller sen que existan servizos de atención a menores ou á terceira idade que posibiliten a disposición dun tempo propio para a conciliación da vida laboral e familiar, etcétera.

As actuacións de coordinación e mellora, se parten da integración con todos os recursos dos sistemas:

- Teñen custos relativamente baixos e posibilidades de resultados moi eficientes.
- Permiten a incorporación de iniciativas sociais e voluntariado.
- Posibilitan, igualmente, a interacción de beneficios, establecendo sinerxías entre recursos e programas.

Para enfrontar ese enfoque novidoso, o Programa Compostela Viva desenvolverase nas seguintes liñas:

- a Manter de xeito permanente unha análise eficiente da realidade.
- b Potenciar a capacidade socializadora e cooperativa dos axentes, recursos e equipamentos sociais.
- c Organizar a comunidade arredor dunha estratexia de mellora da calidade de vida.
- d Ofrecer e manter condicións para que os distintos grupos sociais poidan expresarse.
- e Establecer apoios para a conexión entre as necesidades e os elementos básicos dun proceso evolutivo de calidade de vida: vivenda, emprego, orientación.

E, no plano concreto, configurarase por medio de plans operativos, encaixados de xeito diverso no plano territorial e institucional, como, por exemplo:

- Accesibilidade/Mobilidade: de ámbito comarcal.
- Dinamización económica-emprego-vivenda, lecer, saneamento: de ámbitos comarcal e municipal.
- Acción socio-educativa, ambiental e de seguridade: municipal e por barrios.

No cadro de **Compostela Viva** definirase o rol do Concello na Lei de Dependencia e completarase a visión integral da resposta ás necesidades das persoas por medio da coordinación deses recursos cos outros dispoñibles no plano municipal: saúde, deportes, cultura, educación, inmigración, vivenda.

Isto dará lugar a unha reformulación da estrutura e das políticas das áreas sociais do Concello, xerando unha maior vinculación entre Centros Socioculturais, Servizos Sociais, Deportes, Educación, Muller, Xuventude, favorecendo a TRANSVERSALIDADE das políticas municipais.

As ferramentas institucionais para este programa serán:

- Os Institutos Municipais de:
  - Promoción económica
  - Benestar Social
- Os servizos de Deportes, Educación e Cultura.
- Os Servizos de Seguridade Cidadá
- Os servizos urbanísticos e básicos

Pola súa parte, as infraestruturas de referencia serán os Centros Socioculturais Municipais.

A participación dos operadores doutras administracións ou do sector privado organizarase por medio de contratos-programa que o Concello lles propondrá.

Non se desbota a idea de poder crear unha estrutura de xestión e prestación de servizos persoais de carácter local ou comarcal, integrada pola administración e pola iniciativa privada –terceiro sector–, que asegure a calidade das prestacións incluídas no sistema de dependencia e as complementarias que os particulares poden contratar (a xeito do modelo de xestión público-privada de

Compostur ou a Sociedade do Multiusos do Sar) e que, ao tempo, posibilite financiar un “plus” de actividade para o desenvolvemento da acción coordinadora propia dun programa como o de Compostela Viva.

O potencial de emprego e de cualificación que se pode derivar dunha boa xestión neste ámbito é moi grande. Facendo unha conta primaria, sobre a memoria económico-financeira da Lei de Dependencia, se se estiman no 2015 300.000 novos empregos xerados pola Lei en toda España, trasladando esa cifra a Compostela en termos de proporcionalidade por habitantes daría máis de 600 novos empregos no ámbito municipal. Se a base operativa para novos servizos deste tipo en toda a comarca fose o municipio de Compostela, o resultado podería multiplicarse como mínimo por dous (1.300 novos empregos).

A relación entre esas cifras e escenarios de emprego do Plan Estratéxico daría lugar a que eses máis de 600 empregos supuxesen o 7% do incremento previsto no emprego no sector servizos de aquí ao ano 2016, estimado en 9.374 novos postos de traballo.

## 2

### **CONSOLIDAR A RELEVANCIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA GALICIA** convertendo a Capital en:

- Porta da Galicia dinámica e innovadora
- Centro dun amplo *hinterland*, que comprende o espazo delimitado por Ordes, Melide-Arzúa, Silleda-Lalín, Padrón, O Barbanza e Santa Comba.
- Centro dunha comarca viva e en crecemento

**Compostela é a capital de Galicia.** Así, as actuacións sobre a cidade teñen incidencia directa na imaxe e proxección exterior do país.

Consolidado o estatus xurídico de Capital e construídos os instrumentos derivados desa condición (como o Consello da Capitalidade) é o momento de contribuírmos de xeito decidido dende Compostela a “devolverlle” a Galicia o honor e distinción que nos fai. A forma máis directa na que Compostela pode contribuír ao desenvolvemento de Galicia é o aproveitamento da súa imaxe, do seu valor referencial no plano turístico, cultural e de coñecemento, entendendo sempre que eses valores deben dinamizarse cunha perspectiva ampla de país, e non estreita, simplemente local.

Para iso, propoñemos:

- A** Impulsar, de xeito inmediato, un foro de preparación do Xacobeo 2010, usando os instrumentos dispoñibles, como o Consorcio ou o Consejo Xacobeo, co obxectivo de converter o ano Xubilar 2010 nunha nova opción de desenvolvemento para Galicia, contribuíndo en termos municipais ao seu éxito e a que poida servir de modelo para a relevancia que para Galicia pode ter a Cidade da Cultura.

Neste sentido, os socialistas impulsaremos que o Concello de Santiago teña un papel relevante no deseño e organización dos eventos a celebrar na cidade, reforzando as iniciativas culturais de proxección internacional que xa existen, e favorecendo o xurdimento doutras novas que poidan consolidarse no tempo, establecendo unha relación de continuidade entre a acción cultural e de promoción do Xacobeo 2010 e a que debe ser retomada pola Cidade da Cultura.

- B** Contribuír á conformación da Cidade da Cultura como un gran proxecto para o futuro de Galicia, axudando a integralo fisicamente na cidade, a incorporalo á imaxe de marca de Compostela e Galicia e a artellar o seu proxecto cultural.

Así, en termos de accesibilidade é necesario asegurar:

Unha eficiente conexión coas redes de comunicacións rexional e europea, a través da Autoestrada AP-9, redimensionada no tramo afectado; a través da comunicación intermodal coa rede ferroviaria de Alta Velocidade da Meseta e do Eixo Atlántico, na nova Estación Intermodal de Ferrocarril; e co transporte aéreo do Aeroporto de Lavacolla.

A relación máis eficiente e diversificada posible coa cidade, e moi en particular coa cidade histórica, sustentada na inserción das infraestruturas e dos medios de transporte necesarios e compatibles coa preservación e valorización dos singulares recursos ambientais e patrimoniais das Brañas de Sar.

Por outro lado, a inserción da Cidade da Cultura na oferta turística de Santiago de Compostela é un elemento esencial para o desenvolvemento económico da cidade e de Galicia. Para iso é clave artellar as relacións entre o novo complexo a cidade de Santiago, tanto en termos de coordinación de oferta, estratexias promocionais e accesibilidade.

- C** Favorecer a imaxe de marca de Santiago de Compostela como cidade do coñecemento, e porta da Galicia innovadora e dinámica, a través de iniciativas como o Parque Científico-Tecnolóxico, a potenciación das infraestruturas universitarias, especialmente o Campus de Ciencias da Saúde, e os equipamentos destinados á investigación, ao desenvolvemento e á innovación, especialmente o Instituto Mixto de Investigacións de Biotecnoloxía, a potenciación do Centro de Supercomputación e Modelización Matemática, e o Centro de Investigación do Patrimonio, todos eles froito da cooperación entre a Xunta de Galicia e o CSIC.

Igualmente, Compostela e a súa área de influencia directa medraron significativamente, converténdose nunha grande área con vocación metropolitana, que require desenvolverse e consolidarse no plano institucional e infraestrutural.

As cidades modernas son usadas pola xente, ademais de para as vivir e visitar, para traballar non residindo nelas. É frecuente que moitas persoas vivan fóra da cidade e traballen, compren, accedan á cultura e a outros servizos nela. As cidades dinámicas teceron ao seu redor áreas de habitación, conectadas funcionalmente co centro, e que fornecen de dous tipos de “cidadáns”: os locais e os metropolitanos.

A primeira función que unha cidade debe satisfacer é a de posibilitar unha vida cómoda aos seus cidadáns. Pero a segunda función inescusable é a de facer posible un uso cómodo da cidade tamén para os que viven fóra e traballan nela. Boa parte dos problemas que os cidadáns padecen como máis graves –a mobilidade e o transporte– só poden ser abordados desde unha perspectiva ampla e metropolitana.

A coordinación de políticas e servizos no cadro da comarca é o elemento fundamental para acadar resultados, e unha consolidación dese instrumento institucional, un requisito indispensable para conseguilo.

Neste sentido, a nosa proposta é:

- D** Consolidar un espazo comarcal e un *hinterland* metropolitano para Compostela, por medio de iniciativas de infraestrutura e de fórmulas de cooperación, como as seguintes:
- 1 Desenvolver o Consorcio Comarcal de Transportes, por medio do cal levar adiante unha política de mobilidade realmente innovadora.
  - 2 Diseñar novas áreas de actividade para a cooperación comarcal, como poden ser a de Benestar Social, ou a de equipamentos deportivos e socioculturais susceptibles, dada a súa situación próxima aos límites entre municipios, de uso polos veciños de distintos concellos.
  - 3 Establecer accións de cooperación en materias como o atractivo feiral ou a promoción e xestión turística, para definir un rango concreto de actuacións sobre o *hinterland*.
  - 4 Impulsar as infraestruturas que favorezan a conectividade e accesibilidade dende Compostela cara ás áreas do *hinterland*, e viceversa.



### 3

## **AUMENTAR A DIMENSIÓN DE COMPOSTELA COMO PATRIMONIO CULTURAL DA HUMANIDADE**

procedendo a acadar:

- **A ampliación do ámbito declarado  
Patrimonio da Humanidade por UNESCO**
- **A plena recuperación urbana  
do seu Centro Histórico**
- **A consolidación e extensión da cultura  
do Patrimonio**

Gobernar Compostela implica facelo non só para os composteláns e para os usuarios cotiás da cidade, senón para toda a Humanidade, porque somos patrimonio dela. Tamén supón facelo non só para a xeración presente, senón para as futuras. É dicir, as actuacións deben considerar os intereses dos que van vir, o que, en ocasións, implica restricións, limitacións, cautelas...

Os socialistas composteláns lideramos dende o principio a recuperación da significación histórica (tanto patrimonial como simbólica) da Cidade e do Camiño de Santiago; conseguimos a súa posta en valor internacional, a ligazón de políticas urbanísticas, turísticas e dotacionais, e o artellamento dunha rede institucional, dentro da cal a consolidación do Real Padroado e o Consorcio son indiscutibles beneficios que Compostela obtén da súa singularidade. Ese conxunto de factores nos permite liderar unha boa práctica, recoñecida internacionalmente, no que atinxe á rehabilitación do conxunto histórico.

Por iso, agora estamos en condicións de ligar a continuidade e perfeccionamento da nosa acción, con propostas que acheguen contribucións que é posible facer para o conxunto da humanidade.

Para acadar ese obxectivo, propoñemos:

- A** Tramitar e obter da UNESCO a ampliación dos límites declarados Patrimonio da Humanidade, incorporando todo o ámbito do Plan Especial así como o monte Pedroso, e facendo máis extensa a área de protección, coa incorporación das Brañas do Sar e da Cidade da Cultura.
- B** Desenvolver a plena recuperación urbana da Cidade Histórica, construíndo un sistema integrado para a súa conservación e posta en valor que, asegurando a súa centralidade funcional, faga sostible e compatibles os seus usos residenciais, dotacionais, comerciais e turísticos coa preservación dos seus valores patrimoniais.

Ese sistema pivotará sobre catro eixes:

- Un sistema de conservación do patrimonio construído.
- Un plan de dinamización de usos.
- Un programa de actualización das dotacións de servizos urbanísticos da Cidade Histórica.
- Un programa de conservación e mellora dos espazos públicos.

- C** Consolidar a cultura do patrimonio histórico, poñendo en valor os aspectos culturais da acción sobre patrimonio, a través destas iniciativas:
- 1 A apertura do Museo de Santiago e das Peregrinacións, desenvolvendo dentro do citado proxecto o activo que Compostela supón como laboratorio de coñecemento da práctica patrimonial e ambiental.
  - 2 A realización e consolidación do PREMIO COMPOSTELA DE RECUPERACIÓN URBANA, promovido polo Consorcio e establecido para proxectos de **intervención en cidades históricas iberoamericanas**, en colaboración coa AECl e a Cooperación Galega.
  - 3 O desenvolvemento do Centro de Investigación do Patrimonio como centro de referencia na investigación sobre esa materia no ámbito do Estado, mediante acordos entre o CSIC, a Universidade e a Xunta.
  - 4 A consolidación das accións formativas arredor do feito da recuperación urbana, tanto no plano de Másters e Posgraos universitarios, como no campo da formación profesional.

## 4

### **MODERNIZAR E FACER MÁIS ACCESIBLE A ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL**

A necesidade da mellora na xestión municipal fai preciso establecer as liñas de reforma da organización municipal orientadas ao remate da adaptación de Santiago á Lei de Grandes Cidades.

A reforma normativa levada a cabo no ano 2003 pretende incrementar a capacidade de xestión dos municipios de gran tamaño así como establecer os adecuados instrumentos de control dos mesmos. As competencias dos concellos aumentaron significativamente, así como a complexidade da súa xestión. Nos últimos anos reforzáronse aspectos que dende o equipo de goberno municipal xa se tiñan presentes, tales como a participación da cidadanía, a transparencia na xestión, a concepción do municipio como ente que presta os servizos demandados polos veciños, etcétera.

O camiño a percorrer nos próximos catro anos posibilitará que os cidadáns de Santiago se sintan os verdadeiros protagonistas da vida municipal, xa que a elevación do grao de participación cidadá así como o achegamento e a adaptación do concello ás necesidades reais e a transparencia da xestión municipal serán os obxectivos que orienten a nosa actividade.

Neste sentido, tanto a regulamentación das funcións do pleno, das comisións e daqueles outros órganos que a lei prevé, así como a definición dos niveis esenciais da organización que o concello precisa para acceder a os seus fins serán precisos de cara aos próximos catro anos.

A aprobación dos regulamentos orgánicos previstos na lei serán o eixo que permita poñer en funcionamento os órganos que o concello precisa para garantir o grao de

participación e o nivel de transparencia que a sociedade demandas así como un correcto funcionamento das institucións municipais.

A inclusión das novas tecnoloxías como elemento esencial que posibilite o achegamento entre o concello e os cidadáns será un dos obxectivos fundamentais nos próximos anos. O uso da *Internet*, a difusión e a accesibilidade das ferramentas informáticas que permitan sumar persoas á chamada Sociedade do Coñecemento serán os elementos básicos para alcanzar os niveis de innovación que a administración precisa. Será preciso participar no proceso de alfabetización tecnolóxica dos cidadáns, das empresas e demais axentes sociais co fin de mellorar a calidade de vida mediante unha administración eficaz, transparente e integradora.

A nosa pretensión é ser pioneiros na “administración intelixente”, anticipándonos ás novas necesidades que o cidadán demanda da administración, ampliando as canles de comunicación entre ambos, para o que será preciso adecuar as infraestruturas tecnolóxicas locais.

Igualmente, favoreceremos a participación dos cidadáns a través da creación da Comisión de Reclamacións e Suxestións.



**ÁREAS SECTORIAIS  
NAS QUE SE DESENVOLVE  
O PROGRAMA**

## **A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA**

**Un desenvolvemento económico sostido  
que facilite o acceso a un emprego de calidade**

- 1** Desenvolvemento económico
- 2** Emprego
- 3** Turismo
- 4** Comercio

**Unha mellora da calidade de vida dende a perspectiva dos  
servizos, dotacións e infraestruturas públicas**

- 5** Política do territorio e da vivenda
- 6** Medio ambiente e desenvolvemento: sostibilidade
- 7** Mobilidade
- 8** Seguridade Pública
- 9** Servizos Sociais Municipais
- 10** Cultura de base
- 11** Compromiso coa Educación
- 12** Deporte.
- 13** Política de xuventude
- 14** Protección aos consumidores

**Unha crecente cohesión social**

- 15** Igualdade entre homes e mulleres
- 16** Os cidadáns diante das novas tecnoloxías
- 17** Santiago, municipio solidario e integrador



## **CONSOLIDAR A RELEVANCIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA GALICIA**

**18** Compostela, un espazo para a cultura e o coñecemento

## **AUMENTAR A DIMENSIÓN DE COMPOSTELA COMO PATRIMONIO CULTURAL DA HUMANIDADE**

**19** O Sistema Integrado de Conservación  
e posta en valor da Cidade Histórica

## **MELLORA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL**

**20** Unha aposta pola xestión pública:  
o novo goberno local e a nova administración municipal

**21** Participación cidadá

**22** Facenda Municipal

# 1

## DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Conseguir unha base económica diversificada que estimule a creación de emprego de calidade, mediante a consolidación do tecido empresarial e a atracción de novos investimentos deber ser un obxectivo esencial nesta nova etapa de Santiago de Compostela. Para iso faise necesario superar a limitación que supón a escaseza de solo industrial, promover e atraer novas actividades industriais e de servizos, impulsar e facilitar o desenvolvemento daqueles sectores e empresas xa presentes e con gran capacidade competitiva, consolidar e diversificar a expansión da oferta turística da cidade en clave de calidade e, por último, fortalecer a cultura empresarial e apoiar decididamente as iniciativas emprendedoras.

Para conseguir eses obxectivos, propoñemos:

- 1** O impulso ao desenvolvemento e a rápida posta no mercado das 230 hectáreas de novos parques empresariais previstos e a activación das restantes reservas previstas no Plan Xeral de Ordenación Urbana en curso de aprobación.
- 2** A creación do Instituto de Promoción Económica de Compostela que integre:
  - a. Un observatorio socioeconómico comarcal que posibilite a información necesaria para a correcta toma de decisións e a planificación de accións no marco do Plan Estratégico da cidade.
  - b. Unha oficina de captación de investimentos empresariais, en colaboración co IGAPE e con outros organismos e asociacións (Cámara de Comercio, FEGAEX, etcétera).

- c. O impulso de novos instrumentos de financiamento coa participación de distintas entidades financeiras para facilitar garantías reais para asegurar créditos, programas de préstamos e microcréditos, fondos de capital semente, risco e semellantes.
  - d. Unha estrutura de apoio a programas de I+D+i e de calidade que posibiliten o incremento dos niveis de competitividade e rendibilidade empresariais.
  - e. Un servizo de xestión de procesos de creación de empresas e de información e asesoramento para promotores/emprendedores.
- 3** A creación dun Consorcio Pro Feiras e Congresos, que impulse a visualización de Santiago como cidade feiral a través da reformulación e a ampliación do actual recinto de Amio, a reorientación do Pazo de Congresos e a cooperación co recinto feiral de Silleda na busca de complementariedades e sinerxías.
- 4** A ampliación da oferta de lecer e turismo na cidade coa creación do Museo de Santiago e das Peregrinacións, apoiando a consolidación da Cidade da Cultura facilitando a súa integración urbana, conseguindo a construción dun novo campo de golf de nivel internacional, a posta en marcha do novo Xardín Botánico e un novo Parque urbano no monte Pedroso, e o impulso de instalacións de auga e termalismo, tanto en aloxamentos hostaleiros, como noutras zonas da cidade,.
- 5** O fomento da artesanía compostelá tanto no que se refire ao apoio á formación como á produción e comercialización. Relanzamento da marca de identidade, que garanta a súa calidade e procedencia, e creación dunha Central de vendas en colaboración co propio sector e a administración autonómica.

- 6** Impulso ás infraestruturas de comunicación viaria-ferroviaria-aérea, así como ás novas tecnoloxías da información coa inclusión de Santiago no Programa “Cidades dixitais” do Ministerio de Industria que superen a periferia xeográfica e posibiliten a maior competitividade do municipio.
- 7** Potenciar a interrelación entre a USC, os centros de I+D e as estruturas empresariais a través do Parque Científico-Tecnolóxico de Santiago.

## 2

### EMPREGO

A creación de máis emprego e de maior calidade é un obxectivo compartido por todas as administracións públicas. Malia a que as competencias e recursos dos concellos son moi reducidos para formular a súa solución, o seu papel, non obstante, é decisivo. En efecto: o desenvolvemento non se xera única e exclusivamente desde o ámbito nacional e rexional, xa que hai un espazo propio, onde a intervención e a planificación do desenvolvemento pode realizarse desde o plano local, de forma que axude a reforzar e potenciar un modelo de crecemento endóxico, as capacidades e iniciativas dos propios cidadáns, o fomento da creación de riqueza e a xeración de emprego.

As políticas activas de emprego, como ferramenta fundamental dos Concellos para reducir as taxas de paro e mellorar a calidade do emprego, deben coordinarse e establecerse en rede cos axentes económicos para que sexan apoiadas por todos e existan uns obxectivos compartidos e definidos. Por iso, os socialistas de Compostela impulsaremos as seguintes medidas:

- 1** Alcanzar un pacto local polo emprego como instrumento de cooperación e coordinación entre as entidades empresariais, sindicais e as distintas administracións públicas que posibilite:
  - a A colaboración directa nas áreas de información para o emprego, orientación, oferta de recursos para o autoemprego e a tutela de proxectos.
  - b O establecemento de programas locais de inserción laboral e garantía social para desempregados con especiais dificultades (mozos demandantes do primeiro emprego, maiores de 50 anos, mulleres, etcétera) e outros colectivos con risco de exclusión social.

- c A definición de programas integrados de formación ocupacional e continua que respondan ás necesidades de cualificación de recursos humanos cara a súa inserción laboral.
  - d O establecemento de accións de fomento e apoio ao autoemprego e aos novos emprendedores que continúen os programas existentes (*Compostela Activa* e outros).
- 2** Consolidar a Mesa polo emprego, constituída polas distintas Administracións públicas, centrais sindicais e asociacións empresariais e institucionais, como instrumento de diálogo social e de elaboración e proposta do Plan local de emprego e control da súa execución. Así mesmo, intervirá no ámbito da seguridade e hixiene no traballo no marco territorial municipal para reducir a accidentalidade laboral.
  - 3** Apoiar o desenvolvemento dos novos xacementos de emprego, especialmente os relacionados coas tecnoloxías da información e comunicación e no denominado Terceiro Sector, cuxa previsible expansión, relacionada coas novas prestacións e servizos sociais derivados da denominada Lei de Dependencia, poden ter unha gran incidencia, como xa se sinalou con anterioridade.
  - 4** Fomentar a economía social nas súas múltiples formas, tanto na produción como na distribución de bens e servizos.
  - 5** Favorecer o desenvolvemento profesional dos pequenos empresarios e os traballadores/as autónomos, incorporándoos aos plans de Formación Profesional Continua, fomentando ao tempo o seu asociacionismo económico; introducindo elementos fiscais nas Ordenanzas municipais para impulsar e favorecer a permanencia e viabilidade empresarial das microempresas, autoemprego e traballadores por conta propia; e elaborando un programa de formación en prevención de riscos laborais específico e adaptado ás peculiaridades dos traballadores autónomos.

- 6** Impulsar a formación en novas tecnoloxías especialmente no campo das enerxías renovables, tecnoloxías da información e comunicación, e servizos a terceiros.
- 7** Favorecer o desenvolvemento de iniciativas produtivas no sector primario, aproveitando os recursos territoriais do municipio para o desenvolvemento dunha economía agraria moderna e rendible.
- 8** Crear o Consello da Formación Profesional e Ocupacional: que xunte institucións, centros de formación, empresas e axentes sociais do municipio, co obxectivo de fomentar a inserción laboral e profesional dos xoves da cidade. Cremos que un órgano destas características actuará como un elemento de coordinación necesario no sector:
  - Propoñendo accións que faciliten o contacto entre a escola e a empresa e a transición ao traballo.
  - Aproximando os docentes ás necesidades formativas das empresas de Santiago e canalizando as necesidades de formación permanente das empresas a través dos IES da cidade.
  - Ampliación de familias profesionais e número de ciclos formativos en Compostela.
  - Colaborando coas administracións educativas para a ampliación dos Programas de Garantía Social.

**3****TURISMO**

Hoxe ninguén cuestiona o feito de que o turismo é un grande motor de desenvolvemento económico, de creación de riqueza, benestar e emprego. A súa crecente importancia na nosa cidade dérase da existencia duns recursos turísticos excepcionais e da capacidade de poñelos en valor nun contorno cada vez máis competitivo e cambiante, tanto do lado dos gustos e motivacións dos visitantes como das transformacións na tecnoloxía e nos ámbitos institucionais e organizativos.

Por iso, so dende unha estratexia de desenvolvemento turístico en clave de sostibilidade, é dicir, a longo prazo, respectuosa co medio ambiente natural, social e cultural e coa colaboración de todos os axentes económicos e sociais e a implicación de diferentes administracións públicas, é posible afrontar os retos que temos por diante, comezando polo Xacobeo 2010, e continuar avanzando nos distintos obxectivos e liñas de actuación, formulados xa, tanto no Plan de Excelencia Turística como nos Plans de Competitividade e Calidade Turística e contando cunha organización turística que ten demostrado o seu alto nivel de profesionalidade e capacidade para garantir as mellores decisións para o crecemento harmónico do sector no marco dunha cidade universal, capital de Galicia e Patrimonio da Humanidade.

Para este novo período 2007-2011 propoñemos as seguintes liñas de política turística municipal:

- 1** Actuar de xeito compartido co sector e o resto das institucións e administracións públicas, procurando permanentemente o acordo e o consenso.
- 2** Consolidar as liñas estratéxicas de desenvolvemento turístico iniciadas no Plan Estratéxico de Turismo, a través do Plan de Competitividade e Calidade Turística (2006-2009).



- 3** Artellar a política turística baixo a perspectiva do Ano Santo 2010, que debe posibilitar unha ampla consolidación de Compostela para enfrontar o longo período que vai mediar ata o seguinte xacobeo, a celebrar no 2021.
- 4** Impulsar a relación e coordinación co ámbito da cultura, a creatividade e a innovación.
- 5** Dar continuidade á integración de Santiago de Compostela en redes de cidades.
- 6** Mellorar a accesibilidade do destino turístico, tanto a nivel de infraestruturas viarias, como ferroviarias e aéreas.
- 7** Desenvolver a oferta en clave da calidade e dos cambios na demanda turística.
- 8** Ampliar e diversificar produtos e segmentos turísticos.
- 9** Impulsar a descentralización turística e a mellora do reparto do fluxo turístico anual.
- 10** Aumentar a estancia e o gasto turístico medio.

Para concretar estas liñas xerais, queremos levar adiante as seguintes actuacións e medidas:

- 1** Ampliar e perfeccionar os sistemas de información turística (observatorio turístico) e a súa difusión no conxunto do sector a través dunha liña editorial específica.
- 2** Potenciar os servizos de acollida turística (información, sinalización, reservas, web, Chaquetas Vermellas, etcétera).
- 3** Xeralizar a novos sectores a implantación de sistemas de calidade en destino (servizos públicos e institucionais, transporte, etcétera.) e reforzar a Xerencia da Calidade en medios técnicos e humanos.
- 4** Lanzar e consolidar o turismo relixioso en base á rede Santiago-Roma-Xerusalén e á colaboración co Arcebispo de Santiago, mellorando a información e a comunicación (paneis exteriores e folletos) e creando o produto (itinerarios libres e visitas guiadas).
- 5** Desenvolver e executar o Plan de Turismo Enogastronómico e consolidar o Foro Gastronómico Santiago 2008-2010: as cociñas do Atlántico.
- 6** Impulsar o turismo idiomático, elaborando un Plan de actuación estratéxica (2007-2011) cos centros de ensino de español e a Universidade de Santiago e a súa orientación en clave europea fundamentalmente.
- 7** Elaborar e desenvolver un Programa de Turismo Activo e de Natureza en colaboración cos municipios da Mancomunidade que poña en valor como recurso turístico a paisaxe e o medioambiente do conxunto do territorio. Neste eido, promover a función de Vilagarcía como “porto” de Santiago de Compostela.
- 8** Constituír en setembro de 2007 unha Comisión cidadá de turismo en colaboración coa Cámara de Comercio, a Asociación de Empresarios de Hostalería e o Arcebispo para abordar os retos do próximo Xacobeo 2010.

- 9** Potenciar o turismo de congresos, reunións e incentivos, a través do reforzamento do *Santiago Convention Bureau*, a coordinación coa USC e Turgalicia e o impulso á reorientación do Pazo de Congresos.
- 10** Crear un Consorcio Pro Feiras e Congresos en colaboración coa Cámara de Comercio, as Asociacións de empresarios e a USC.
- 11** Reforzar as campañas de desestacionalización turística propiciando a concentración de eventos en temporada baixa, así como a creación de paquetes atractivos para distintos segmentos de poboación.
- 12** Renovar a imaxe turística da cidade de Santiago e do conxunto das publicacións e material promocional, producindo un novo vídeo da cidade que possibilite tanto presentacións xerais como sectoriais.
- 13** Ampliar o transporte turístico (*Compostela Visión*) e o servizo de excursións radiais de Santiago.
- 14** Continuar co proceso de mellora da accesibilidade aérea de Santiago a través da ampliación da presenza de novas compañías e conexións directas.
- 15** Consolidar o Programa de sensibilización cidadá Vivir Compostela que permita un meirande coñecemento e integración dos composteláns co turismo no marco do Día Mundial do Turismo.
- 16** Intensificar as accións de promoción e comercialización nos mercados españois e europeos de maior potencial, priorizando aqueles onde existan conexións aéreas directas.
- 17** Impulsar a integración en novas redes de cidades: Cidades do Camiño de Santiago e Cidades da España Verde.
- 18** Desenvolver un plan de Impulso ao Turismo cultural:  
Poñendo en valor a área de San Domingos de Bonaval como alternativa urbana.

Creando clubes de produto de Museos, Galerías de Arte e Obradoiros de artistas.

Creando un mercado e unha Bienal de Arte Contemporánea en colaboración co CGAC e unha ruta de Arquitectura Contemporánea en colaboración co Colexio de Arquitectos.

- 19** Consolidar o posicionamento da cidade como plató cinematográfico e da creatividade audiovisual a través da *Santiago de Compostela Film Commission* e do Festival Internacional de Curtametraxes Curtocircuíto, e creando unha Fundación público-privada como plataforma de cooperación e xestión.
- 20** Desenvolver comercialmente Compostur a nivel nacional e internacional e a Central de Reservas a través da difusión e creación de paquetes turísticos para a súa comercialización nos mercados maiorista e minorista, estudando e adoptando un formato organizativo estable.
- 21** Organizar un encontro periódico profesional do sector turístico de Santiago, o Foro Turístico de Santiago, para febreiro de 2009 como plataforma de análise, debate e proposta.
- 22** Elaborar plans de marketing operativos anuais reforzando as accións directas de promoción, as viaxes de familiarización de turoperadores e xornalistas e as campañas *on line*.

## 4

### COMERCIO

O sector comercial é, tamén, esencial para un desenvolvemento económico equilibrado de Santiago de Compostela e das súas diferentes áreas territoriais. Por iso, propoñemos as seguintes actuacións:

- 1** Afirmar a cidade como cabeceira comarcal e de servizos dun gran *hinterland* territorial no sur da provincia da Coruña e no Norte da de Pontevedra, completando e enriquecendo a cidade con novos formatos e implantacións que reforcen a capacidade competitiva da que é hoxe a terceira área comercial de Galicia, dando prioridade ao apoio ás iniciativas impulsadas desde o pequeno comercio.
- 2** Crear o Consello Sectorial de Comercio Local, non só como plataforma de diálogo e cooperación entre as distintas Administracións públicas e as organizacións do sector, senón como instrumento para a elaboración, desenvolvemento e seguimento das políticas comerciais do municipio.
- 3** Establecer convenios-programas de cooperación coas distintas institucións e asociacións comerciais para o cumprimento e execución de obxectivos específicos comerciais no marco da promoción, a formación, a sinalización e o urbanismo comercial.
- 4** Impulsar a construción da Escola de comercio como gran centro de formación e reciclaxe profesional para empresarios e técnicos do comercio e cesión dos terreos necesarios para a súa máis inmediata construción.
- 5** Facilitar apoio técnico e colaboración financeira para a introdución de sistemas de calidade homologada para o pequeno comercio, dentro do Plan de Calidade de Destinos Turísticos, xa en marcha, e en colaboración coas Asociacións de Comerciantes e a Cámara de Comercio de Santiago.

- 6** Lanzar un Plan de marketing e comunicación global entre a Cámara de comercio, as asociacións de comerciantes e Incolsa de cara aos visitantes nacionais e estranxeiros que sitúe a Santiago como un centro de compras e a súa conexión e desenvolvemento coas páxinas *web* da cidade e de turismo.
- 7** Colaborar e impulsar as actuacións de vixilancia para garantir un réxime de competencia plena no pequeno comercio que evite situacións á marxe da legalidade no cumprimento de horarios, réximes de seguridade social e salariais, etcétera, tanto coas grandes superficies como con actuacións abusivas particularizadas que se puideran dar.
- 8** Elaborar un Plan de impulso á introdución das novas tecnoloxías da información en áreas comerciais específicas, como a rede *wimax* no Centro Histórico, e a nivel empresarial para mellorar a competitividade do pequeno comercio.
- 9** Apoiar a posta en marcha dunha Central de compras para o pequeno comercio como ferramenta de mellora da competitividade en custes fronte ás grandes superficies.

## 5

### TERRITORIO, URBANIZACIÓN E VIVENDA

Comparecemos a estas eleccións municipais nun momento moi especial: o da Revisión do Plan Xeral que serviu para producir unha extraordinaria transformación urbanística da nosa cidade, que fixo de Compostela un referente de boas prácticas e de excelencia urbanística recoñecido nacional e internacionalmente.

O comezo do mandato da nova Corporación Municipal vai coincidir coa aprobación do novo Plan Xeral que acompañará o desenvolvemento da nosa cidade na próxima década.

Por tanto, este é un momento adecuado para renovar o noso compromiso cos cidadáns: para garantirlles que o novo Proxecto de Cidade seguirá o camiño do servizo ao interese público, procurando mellorar progresivamente a calidade das novas actuacións urbanizadoras nas que as vivendas de protección oficial van representar o 40% das programadas no novo Plan.

A experiencia anterior deixa o listón moi alto. Os socialistas, que durante máis de 20 anos tivemos a responsabilidade do urbanismo compostelán, sabemos que -como no pasado- lle debemos á cidadanía un esforzo por manter a Compostela á cabeza das experiencias para facer un urbanismo sostible que conte cun deseño urbano de calidade e un gran nivel de servizos públicos para a poboación (que ligue a nova urbanización coa cidade xa construída, evite a segregación e fomente a mestura social e de actividades, continúe integrando o medio natural na cidade cos novos espazos verdes e parques urbanos, facilite a mobilidade peonil e ciclística dentro da cidade e priorice o transporte colectivo urbano e metropolitano, contribúa á loita pola recuperación do medio ambiente, estenda o nivel de servizos básicos a todos os núcleos

do municipio e conclúa a recuperación e rehabilitación integral da Cidade Histórica Patrimonio Mundial, o gran emblema de Compostela que nos obriga á busca da excelencia urbanística, ao servizo da mellora das condicións e da calidade de vida dos cidadáns).

Esta declaración facémola mostrando os resultados xa acaados co traballo de anteriores mandatos. Así que a nosa mensaxe é un chamado a compartir a ilusión polo proxecto de futuro para a cidade, pero é tamén un chamado a vivir xa, disfrutar xa, ocupar xa, os novos e diversos espazos públicos creados para todos nós nos últimos anos.

Os grandes parques públicos distribuídos no contorno da cidade histórica (Galeras-Monte Pío, Finca Simeón, Música en Compostela, Vite, Almáciga, San Domingos, Belvís) e nos novos-vellos barrios, hoxe integrados na cidade (Monte de Conxo, Choupana, Eugenio Granell en Ponte Pedriña, Fontiñas, San Lázaro,...) ofrecen hoxe a todos os composteláns posibilidades de gozar da natureza na cidade como nunca tivemos.

Os equipamentos sociais, os equipamentos deportivos, os equipamentos culturais teñen as portas abertas á participación e enriquecemento social e cultural de todos.

Os novos espazos urbanos: as novas vías, prazas e percorridos peonís e os vellos espazos recuperados da cidade histórica, do Ensanche e dos distintos barrios, forman hoxe un enorme entramado de lugares para o encontro, o comercio, o paseo, o ocio, a vida social.

A cidade recuperada e a nova cidade urbanizada xa está ao servizo de todos. Sempre queda por facer na recuperación da cidade, pero a Compostela de hoxe medrou notablemente en oportunidades e atractivos para os cidadáns.

Os vellos barrios xa teñen hoxe os atractivos dunhas partes da cidade, cada un coa súa personalidade. Pouco a pouco fóronse rompendo as xerarquías entre a cidade central e os barrios.



Convocamos a todos os cidadáns a tomarmos posesión dos novos espazos públicos que se crearon para todos en todas as partes da cidade.

Sabedores de que os procesos de desenvolvemento do urbanismo son longos e continuos, o noso compromiso para o próximo mandato baséase no desenvolvemento de plans e programas que xa hoxe están definidos e, moi en particular, na posta en marcha do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

## **O novo proxecto de cidade**

A importante transformación urbanística que vive a nosa cidade desde os anos 90 representa un salto adiante extraordinario en infraestruturas, en grandes centros de servizos, en equipamentos para a poboación, en parques e espazos públicos de lecer e para a convivencia, en novas áreas residenciais tanto de protección oficial coma de vivendas libres integradas e ben urbanizadas, en novas áreas de expansión empresarial.

Esta experiencia déixanos unha ensinanza como cidade e como cidadanía: esta transformación foi o resultado dun Proxecto de Cidade deseñado con visión de longo prazo no Plan Xeral de 1990, e executado e impulsado con responsabilidade e constancia, paso a paso, desde o goberno municipal.

No actual debate sobre o urbanismo en Galicia, Santiago de Compostela preséntase cun extraordinario capital e cunha excepcional experiencia: a capital de Galicia pode acreditar que un urbanismo responsable, dinámico, de alta calidade, sostible, dirixido aos cidadáns e guiado sempre polo interese público, é viable e serve ao desenvolvemento dos pobos. Para facelo posible, os municipios e as cidades teñen a responsabilidade de prever,

imaxinar e planificar o futuro: de elaborar un proxecto de cidade; e teñen a necesidade de incorporar á súa construción aos seus destinatarios, os cidadáns, a todas as administracións e a todos os axentes económicos e sociais; e de facelo con absoluta transparencia.

Fixémolo co Plan Xeral de 1990 e ímolo facer co novo Plan Xeral de 2007: o goberno municipal, en representación democrática da comunidade de cidadáns de Compostela, fará da consecución do seu Proxecto de Cidade o centro da súa actividade urbanística. Co horizonte posto nos anos 2020, estes son os obxectivos básicos do novo Plan Xeral, do que rematamos a elaboración e tramitación municipal no mandato que agora remata:

- 1** Estabilizar unha política activa de promoción de solo e de vivenda, para garantir, de modo continuado e permanente perante os próximos 16 anos, a construción de vivendas de protección pública a disposición da poboación actual e futura que as necesite. Prevese así solo na cidade para máis de 12.600 vivendas de protección oficial, un número equivalente ao total das vivendas construídas na última década nos municipios veciños.
- 2** Continuar a construción do modelo de cidade continua, compacta e sostible, definido no Plan Xeral de 1990. Así, os novos desenvolvementos urbanos prevense en espazos contiguos á cidade urbanizada, delimitados polas grandes infraestruturas e polos límites xeográficos, paisaxísticos e ambientais do contorno a conservar. Por tanto, o Proxecto urbano da cidade do Plan Xeral de 2007 implica:
  - a Incorporar definitivamente os novos Ensanches do Sur –hoxe en fase de urbanización– completados coas pezas veciñas que restan nos bordos da cidade ata as marxes do río Sar, dos accesos ferroviarios e da Autoestrada do Atlántico.
  - b Planificar a urbanización do gran espazo reservado no Norte, comprendido –basicamente– entre a estrada da

Coruña, a Autoestrada AP-9, a Avda. de Asturias e as tra-seiras de San Lázaro. Un gran Ensanche da cidade onde se mesturará a vivenda de protección oficial coa vivenda libre; a actividade económica, comercial, de oficinas e servizos cos equipamentos para a poboación e cos novos parques urbanos da cidade nos altos de Cancelas, Penamária e Picou, e no Regato de Porto do Medio.

- c Integrar a Cidade da Cultura na cidade, coa creación do gran Parque Público das Brañas de Sar. Un espazo ambiental recentemente aberto á cidade coa apertura da vía Sar-Ponte Pedriña. 37,5 hectáreas acompañadas de actuacións de remate dos bordos urbanos da rúa da Estrada e Sar, prevendo implantacións deportivas e universitarias e relacionadas coa grande operación urbana da Estación Intermodal do AVE.
- d Concluir a recuperación ambiental das marxes do río Sarela desde as súas fontes –na Peregrina– ata a desembocadura en Vidán; e do Monte Pedroso coa creación do Parque Público Forestal da Selva Negra que virá a ampliar o parque contiguo da Granxa do Sesto ata acadar 32 hectáreas.
- e Impulsar a mellora das comunicacións da cidade como cabeceira da rexión atlántica central, capital de Galicia e destino internacional. Planificando a integración no noso territorio das grandes infraestruturas que van comunicarnos coas redes europeas, coas cidades galegas, coa gran rexión que Compostela lidera no sur da provincia da Coruña e o Norte de Pontevedra, coa nosa comarca e a área urbana dos municipios limítrofes: Autoestrada de Ourense, Autovías do Cantábrico e de Lugo, Terceiro carril da Autopista do Atlántico entre Santiago Norte e Santiago Sur, Tren de Alta Velocidade da Meseta, Tren de Velocidade Alta do Eixo Atlántico; Plan de Estradas de Galicia e Plan Sectorial de Accesos á cidade da CPTOPT. Prevendo as novas estacións: Intermodal de Ferrocarril e

Autobuses, de Mercadorías dea Corveira. Deseñando as melloras do Vieiro Periférico de Circunvalación entre o Polígono do Tambre e Vidán.

- f Desenvolver as áreas empresariais e de actividade necesarias para crear o emprego que permita á cidade seguir contribuíndo co seu crecemento ao desenvolvemento económico de Galicia, e aos nosos cidadáns dispoñer de emprego estable e de calidade. Prevense así 6,5 millóns de metros cadrados de solo reservado para as actividades industriais e de servizos no Norte da Cidade, integrados na rede de comunicacións, ben comunicados coa cidade, coa nova Estación de Mercadorías e co renovado Aeroporto de Lavacolla, e ben dotados de servizos, para facelos funcionais e atractivos para novas empresas.
- g Continuar coa recuperación urbana da cidade herdada e coas melloras ambientais dos espazos urbanos e das súas periferias. Concluindo a recuperación arquitectónica, residencial, económica e social do recurso de excelencia e identidade máis xenuíno de Compostela: a nosa cidade histórica Patrimonio Mundial. Continuando coas intervencións nas pezas urbanas que necesiten de renovación, estendendo progresivamente a experiencia da reurbanización do Ensanche. Impulsado coa CPTOPT o convenio de mellora dos grandes eixes urbanos interiores de acceso, travesía e distribución. Continuando as accións de urbanización dos contactos entre partes da cidade, sobre todo dos espazos de tránsito ás vellas periferias, hoxe partes da cidade.
- h Desenvolver un programa de infraestruturas para a totalidade dos núcleos urbanos e núcleos rurais do municipio. Garantindo os servizos básicos para todos os núcleos, unha medida de mellora ambiental e de calidade de vida que fundamente a rehabilitación das vivendas tradicionais, a revalorización do patrimonio etnográfico e arquitectónico e mesmo o desenvolvemento urbanístico respectuoso co seu carácter e co medio natural e produtivo.

Neste contexto, as principais accións urbanísticas a desenvolver nos próximos catro anos, de acordo coa programación prevista no novo Plan Xeral, resúmense así:

- 1** Rematar a urbanización e edificación dos plans residenciais en execución dos Ensanches do Sur e do contorno de S. Lázaro e de Salgueiriños-Mallou, en: Cornes, Santa Marta, Volta do Castro, Ponte Pedriña, Castiñeiriño, Lamas de Abade, Estrada da Estrada, A Muíña, As Cancelas-Mallou, Avda. do Camiño Francés... con capacidade estimada para unhas 6.500 vivendas, algunhas xa en execución.
- 2** Urbanizar as áreas empresariais planificadas: en Formarís e Costa Vella III, do Parque Empresarial da Sionlla e do Parque Tecnolóxico e das Comunicacions de S. Marcos. Un total de 2.600.000 metros cadrados.
- 3** Desenvolver os plans de ordenación e a xestión do solo das áreas residenciais seguintes: no Ensanche Norte: Mallou, A Pulleira e Mulas de Abaixo; no Ensanche Sur: Estrada de Vigo-Chouchiños, Torrente e Muíño de Vidán e Vite de Arriba. Un conxunto de 107 hectáreas de solo con capacidade para unhas 5.700 vivendas.
- 4** Impulsar as accións de acabado da urbanización con pequenas actuacións distribuídas en toda a cidade: en Meixónfrío, Cancelas e Salgueiriños; en Ponte Pedriña; en Cornes; en O Avío e o Burgo das Nacións; no Ensanche,... Un conxunto dunhas 1.300 vivendas que achegarán novas zonas verdes, novos equipamentos sociais, rúas e prazas. Completadas coa urbanización dos enclaves urbanos que existen nos novos ensanches e nas súas periferias.
- 5** Proseguir o programa do Plan Especial da Cidade Histórica para recualificar os espazos públicos, incidindo na equiparación da súa periferia co centro monumental. Executarase a reurbanización das rúas Valle Inclán, Caraniña, Sar, O Olvido e os Posigos, Belvís, San Clemen-

te, Trindade e Carretas. Desenvolver a reurbanización das vellas travesías de Pastoriza-San Roque-Virxe da Cerca-Senra-Xoán Carlos I e de Campo da Estrela-San Clemente-Pombal-Galeras. Rematar a apertura das novas vías: Costa de San Francisco-Galeras, Castrón Douro-O Olvido, o Penal-Tras Santa Clara, rúa de San Pedro e Praciña do Matadoiro-Parque de Belvís, Travesa Escultor Asorei- Caramoniña, Carballeira-Toxeira de San Lourenzo. Construír os aparcamentos subterráneos do Parque de Belvís e da Praciña do Olvido. Abordar o reacondicionamento da sección norte do Parque de Belvís entre As Trompas e A Tafona, e a adquisición e acondicionamento do remate da Alameda en Cruceiro de Gaio-Pombal e do Parque da Colexiata (ata a glorieta baixa de Sar).

- 6** Desenvolver a primeira fase do programa previsto no novo Plan Xeral para a urbanización interior –incluído o abastecemento e saneamento- dos 114 núcleos rurais do Termo Municipal.
- 7** Desenvolver, ademais, as actuacións para a consecución dos novos parques urbanos públicos seguintes:
  - Execución do Parque Lineal de Volta do Castro, de 3,13 Ha, e planificación e obtención do solo para a súa ampliación no Parque Urbano de Torrente, de 1,40 Ha.
  - Execución da primeira fase do Xardín Botánico, dunhas 4 Ha.
  - Execución do Parque do Miradoiro do Cruceiro da Coruña.
  - Planificación e obtención do solo para o Parque Urbano do Castro de Conxo, de 3,20 Ha.
  - Planificación e obtención do solo para o Parque Urbano do Monte de Penamaría no Ensanche Norte, de 5,9 Ha.
  - Planificación e obtención do solo para a primeira fase do Parque Urbano do Outeiro de Cancelas no Ensanche Norte, cunha extensión de 1,2 Ha.

E dos grandes parques públicos ambientais a xestionar

no Programa Plurianual do Consorcio da Cidade:

- Parque das Brañas de Sar dunha extensión de 37,5 Ha, do que se adquirirá o solo e se iniciará o seu acondicionamento.
- Parque da Selva Negra de O Pedroso que, cunha extensión de 21 Ha, será adquirida e acondicionada para engadirse ao contiguo Parque da Granxa do Xesto (11 Ha).

Un conxunto de actuacións urbanísticas que sumarán 775.000 metros cadrados de novos parques públicos para o goce da natureza polos cidadáns, que virán a sumarse ao millón de metros cadrados existentes na actualidade.

- 8** Planificar e xestionar as actuacións urbanísticas que permitirán dispoñer de solo para distintos equipamentos sociais, destacando pola súa relevancia para a cidade, os seguintes:
- Reserva Sanitaria-Universitaria de A Cantaleta, complementaria do Hospital Clínico, de 0,8 Ha.
  - Ampliación en 4,1 Ha. do Campus Sur para o Campus de Ciencias da Saúde.
  - Novo Parque Deportivo Universitario de Poza de Bar, de 5,5 Ha.
  - Ampliación do Parque Deportivo de San Lázaro en 1,0 Ha.
  - Ampliación do Cemiterio de Boisaca de 1,2 Ha.
  - Enclave Administrativo de Meixonfrío de 1,1 Ha.

- 9** Concluir as grandes operacións de infraestruturas de comunicacións, concretadas na Estación do AVE e a nova terminal do Aeroporto de Lavacolla.

Este obrigado resumo abreviado das actuacións urbanísticas mais importantes a desenvolver nos próximos catro anos serve para dar idea do renovado compromiso co

urbanismo ao servizo dos cidadáns e co futuro de desenvolvemento urbano sostible para a cidade, que representa o novo Plan Xeral de 2007.

## A vivenda

O noso compromiso para facer efectivo o dereito constitucional a disfrutar dunha vivenda digna levou ó noso Concello a implicarse directamente nunha acción de apoio ás competencias compartidas pola Comunidade Autónoma e o Estado. Puxémonos así á cabeza dos concellos galegos no que se refire ao impulso de políticas de solo para vivendas de protección accesibles para os cidadáns con menos recursos. As 2.000 vivendas de protección construídas nos pasados anos, e hoxe xa ocupadas na súa maioría, son o primeiro resultado.

A nosa Empresa Municipal de Vivenda, *EMUVISSA*, a primeira creada en Galicia, fixo posible a preparación de solo para 500 desas vivendas protexidas xa construídas; e hoxe está urbanizado solo para 934 (moitas delas xa en construción) e xestionando solo para outras 1.334 vivendas, tamén de protección oficial.

Propoñémonos agora, coa experiencia acumulada, situar a promoción de vivendas de protección no centro do novo Proxecto de Cidade. É así como no novo Plan Xeral destinamos á protección oficial máis do 45% das vivendas programadas para os próximos 16 anos. Unha proposición sen parangón no planeamento urbanístico galego.

Pretendemos que a escaseza e o prezo das vivendas non sexa un impedimento para ningún cidadán que desexe vivir na nosa cidade.

As accións que pretendemos desenvolver, para tal efecto, nos próximos catro anos, pódense resumir así:



- 1** Construír máis de 4.000 vivendas de protección en solos hoxe en curso de urbanización, xestión ou ordeación en: Castro de Abaixo, Ponte Pedriña, Tras Paxonal, Castiñeiriño, Lamas do Abade, Estrada da Estrada, A Muíña e A Pulleira.
- 2** Acomodar nas novas actuacións as liñas de fomento da promoción de vivendas en alugueiro –preferentemente para xoves, maiores, inmigrantes...– previstas nos plans de Vivenda do Estado e da Xunta de Galicia, cun obxectivo mínimo de 500 vivendas.
- 3** Fomentar a adaptación das vivendas ás necesidades das novas familias, (dos xoves, dos maiores, das persoas con discapacidade, das persoas que viven soas); fomentar a calidade da edificación, a súa eficiencia e sostibilidade enerxética.
- 4** Impulsar as promocións sociais e a promoción de iniciativas de prezo taxado ou limitado, dirixidas a segmentos da poboación con niveis de renda superiores ao da vivenda protexida pero que non poden acceder aos prezos da vivenda libre.
- 5** Concertar coas Administracións da Vivenda accións de cooperación en apoio das políticas de mobilización das vivendas baleiras para dirixilas ao alugueiro.
- 6** Preparar o planeamento, a xestión e a urbanización de solo que permita a construción doutras 4.000 vivendas de protección oficial no seguinte cuatrienio 2011-2015 en: Mallou, A Pulleira, Meixonfrío, Vite de Arriba, Torrente, Volta do Castro, Chouchiños, Vidán,...
- 7** Impulsar e apoiar as iniciativas de desenvolvemento das previsións do Plan Xeral respecto das áreas reservadas para a promoción de vivenda libre para facilitar a implicación dos operadores urbanísticos na construción do novo Proxecto de Cidade. Baixo a dirección do Concello e do principio da preeminencia do interese

público na acción urbanística. Propiciando a xestión e desenvolvemento do planeamento, xestión e urbanización de solo para 3.700 vivendas libres en solos de nova urbanización, que se sumen ás máis de 3.000 vivendas libres de capacidade herdada do Plan Xeral do 90.

- 8** Reforzar o papel da Empresa Municipal de Vivenda e Solo, *EMUVISSA*, na promoción de solo para vivenda de protección oficial, como instrumento decisivo para responder ao grande reto que nos propoñemos en materia de vivenda. Fortalecendo a súa capacidade financeira e de xestión.
- 9** Proseguir co impulso da rehabilitación de vivendas da Cidade Histórica para acadar a rehabilitación integral á altura do ano 2015. Desenvolver liñas de apoio ao mantemento das vivendas que xa se rehabilitaron, que evite no futuro o deterioro sufrido na crise das cidades históricas da segunda metade do século XX.
- 10** Impulsar programas de rehabilitación dos antigos conxuntos de vivendas protexidas como os xa iniciados en Vista Alegre, Ponte Pedriña e Almaciga.
- 11** Promover accións de rehabilitación das vivendas nos conxuntos tradicionais rurais e nos barrios históricos, a partir da experiencia acadada na cidade histórica.

En conclusión, pretendemos que Santiago de Compostela siga a ser un motor de crecemento económico e creación de emprego para os nosos cidadáns, para os nosos xoves e tamén para a poboación galega e mesmo a poboación inmigrante, como vén sucedendo nas últimas décadas en que a nosa cidade alimentou o crecemento de poboación maior de entre as áreas urbanas de Galicia. Pero tamén queremos que a oferta de vivenda económica permita que, desta poboación en crecemento, tamén habiten dentro da cidade os

sectores con ingresos baixos e medios, os xoves, as novas familias, os maiores, os novos cidadáns. Quere-mos unha cidade de todos e para todos, que non expul-se a ninguén por razóns económicas, cunha calidade de vida cada vez mellor.

## 6

### COMPOSTELA, UNHA CIDADE SOSTIBLE

Os elementos fundamentais do desenvolvemento sostible son os mesmos que os do socialismo democrático do século XXI: solidariedade –entendida non só entre individuo e territorio senón tamén xeracional–, transversalidade, participación democrática (os problemas ambientais os causamos todos e temos que resolvelos entre todos) e a defensa do ben público (a calidade ambiental, os recursos naturais e a biodiversidade son bens públicos).

Traballar por unha cidade sostible supón impulsar un modelo de cidade que traballe pola inclusión social e pola calidade ambiental. Unha cidade sostible é unha cidade comprometida que acepta a súa responsabilidade co medio ambiente, o desenvolvemento e a xustiza social. Unha cidade máis compacta, máis eficiente e de menor impacto ambiental, que faga posible un crecemento máis equilibrado e harmónico co medio que nos rodea e proporcione unha maior calidade de vida para os seus veciños.

Para iso, as liñas estratéxicas que propoñemos son as seguintes:

- O FOMENTO DO CIVISMO.
- O MANTEMENTO E DINAMIZACIÓN DOS SEUS ESPAZOS PÚBLICOS E A CALIDADE DOS SERVIZOS AMBIENTAIS, especialmente do ciclo da auga e o saneamento.
- O COMPROMISO COA RECICLAXE.

## 1 Santiago de Compostela fomenta o civismo

Promover o civismo cidadán como ferramenta de colaboración imprescindible coa Administración Local, para a convivencia da cidade, vai ser o eixo da nosa acción. Queremos mobilizar os axentes sociais para preservar o espazo público e para mellorar a convivencia. Iso non vai significar que o Concello eluda a súa responsabilidade senón todo o contrario: vai asegurar respostas adecuadas aos feitos; pero a aposta a longo prazo é construír un modelo de convivencia baseado na responsabilización de veciños e veciñas, comerciantes, empresas e entidades para o futuro da cidade e dos cidadáns que viven nela.

A defensa dun espazo público de calidade inclúe, necesariamente, a implementación das políticas municipais na redución de residuos, ao mesmo tempo que se aumenta a reutilización e a reciclaxe e se incrementa de maneira significativa a recollida selectiva, sen esquecer as medidas concretas para velar pola calidade ambiental: aire, auga e ruído principalmente. É evidente que estas estratexias non so teñen que contar con máis recursos municipais senón coa colaboración decidida da cidadanía.

Queremos facer de Santiago, co apoio de todos e de todas, unha cidade máis cívica, limpa e acolledora, respectuosa cos dereitos das persoas, protectora do patrimonio, dos espazos públicos e da paisaxe urbana, e tratar de configurar un modelo de cidade que require a implicación e a participación de todos/as composteláns.

As propostas concretas que queremos levar adiante son as seguintes:

- a Aplicar Plans de actuación medioambiental cuxas liñas de actuación serán as reflectidas na Axenda 21.
- b Rematar a obra do Centro de Interpretación do Medio Ambiente Urbano no Parque de Belvís, constituíndo un centro de referencia para a educación ambiental.
- c Elaborar un mapa de ruído, que faga unha diagnose da situación real, e un deseño de políticas para a minoración do mesmo, establecendo acordos-compromisos cos principais axentes produtores de ruído da cidade e inclusión do ruído na campaña de civismo.
- d Levarase a cabo un estudo para a redución da contaminación lumínica na cidade, así como un plan de ordenación da iluminación e de posta en valor patrimonial da cidade mediante a iluminación monumental e ambiental.
- e Seguir colaborando cos axentes económicos da cidade para promover a ambientalización das empresas e sectores produtivos da cidade, fomentando a orientación das empresas cara a sostibilidade.
- f Potenciar a cultura da sostibilidade entre toda a cidadanía, incrementando os servizos e iniciativas de educación ambiental, con información útil e comprensible orientada a modificar os hábitos na vida cotiá.
- g Colaborar na ambientalización de todas as ensinanzas: primaria, secundaria, formación profesional.
- h Desenvolver a Axenda 21 escolar: Centro de Interpretación Ambiental de Belvís e Centro de Coñecemento do Medio rural de Portela-Figueiras.

As iniciativas para a sostibilidade que propón a Axenda 21 deben desenvolverse en varios niveis, entre eles o escolar, porque neles se reforza o fomento e a adquisición de hábitos e maneiras de comportamento.

A inmediata posta en funcionamento dos dous centros citados representarán un salto cualitativo na identificación, na análise e na proposta de alternativas sobre cuestións ambientais e sociais para a utilización sostible do territorio, habituando ao alumnado a participar, cooperar, tomar decisións e implicarse nos asuntos que afectan á calidade ambiental. Igualmente, promoveranse programas de educación ambiental, incrementando e mellorando a oferta formativa para o coñecemento dos espazos verdes e da natureza.

- i Consolidar a cooperación entre o Concello e os movementos ambientais e ecoloxistas da cidade, xerando recursos e convenios de colaboración.
- j Seguir avanzando na aplicación da Ordenanza de Convivencia, Residuos e Limpeza Viaria.

## **2 Aposta polos espazos publicos de calidade e a mellora dos servizos ambientais**

A Organización Mundial da Saúde (OMS) considera as zonas verdes urbanos como imprescindibles polos beneficios que reportan ao noso benestar físico e emocional. Ademais de axudar a que respiremos aire fresco e limpo, as zonas verdes constitúen lugares de ocio e de lecer, e son uns espazos propicios para as relacións sociais entre as persoas. Tamén contribúen a mitigar as consecuencias negativas do desenvolvemento urbano das cidades, e facelas máis habitables.

Santiago de Compostela presenta a situación máis favorable neste apartado de todas as cidades galegas tanto pola superficie das zonas verdes como pola súa distribución. O desenvolvemento destes espazos públicos na cidade é relativamente recente, xa que durante moitos anos a Alameda representou a única zona verde relevante da cidade.

Na última década asistimos a unha importante transformación e moitas zonas libres de contorno do Casco Histórico incorporáronse ao sistema de zonas verdes. Paralelamente, todos os desenvolvementos urbanísticos de entidade serviron para incorporar superficies axardinadas.

Santiago de Compostela considera tan importante a construción de novos espazos públicos como a conservación e mantemento dos xa existentes, aumentándose o esforzo na mellora dos parques, rúas, prazas, e nos equipamentos públicos e municipais da cidade.

Será unha das nosas prioridades o bo uso cidadán do espazo e dos equipamentos públicos mediante políticas e campañas promotoras de actitudes cívicas e a través de mecanismos de control, previr comportamentos contrarios ao ben social e colectivo. Continuarán os investimentos para dispoñer de novos espazos públicos, de máis dotacións de equipamentos e de máis verde na cidade.

Neste contexto, as nosas propostas son as seguintes:

#### **a Parques e zonas verdes**

- 1 Seguir dotando do solo suficiente para espazos públicos que sexan verdadeiros espazos comunitarios, tranquilos, para xogar ou descansar.
- 2 Potenciar un deseño de planificación urbanística, no marco do novo PXOM, que teña en conta o desenvolvemento sostible e a configuración de modelos de ocupación que eviten a dispersión no territorio, a preservación do medio, favorezan a cohesión social, promovan a rehabilitación de solo urbano, a construción sostible de vivendas, o aforro enerxético e consoliden un modelo de territorio globalmente eficiente, xerando pautas de mobilidade sostibles e seguras. Asegurarase o máximo nivel de calidade en todas as intervencións transformadoras na cidade, tanto públicas como privadas. Temos que construír vivendas e facer



rúas que permitan multitude de usos: espazos verdes, equipamentos, tecido comercial, servizos, beirarrúas amplas, mobilidade sostible e lugares de encontro.

- 3 Realizar campañas de sensibilización e concienciación sobre o uso eficiente da enerxía, consumo responsable, e boas prácticas en fogares e centros de traballo, incidindo na racionalización do consumo da auga.
- 4 Facilitar a intercomunicación entre zonas verdes a través de corredores que potencien os traxectos a pé e en bicicleta pola cidade, en termos agradables, tranquilos e pouco ruidosos.
- 5 Fortalecer a cultura da conservación e do mantemento da cidade e dos seus elementos.
- 6 Crear espazos verdes sostibles, dotados de sistemas de aforro no sistema de rego.
- 7 Seguir avanzando na implantación dun carril bici no barrio das Fontiñas, empezando pola Rúa Berlín, como experiencia piloto.
- 8 Acometer un área recreativa na parroquia de Laraño, formado por un parque infantil e unha pista polideportiva, previa sinatura dun convenio con *ADIF (Administrador de Infraestructuras Ferroviarias)*.
- 9 Coincidindo co desenvolvemento de proxecto dos novos colectores da conca do río Aríns, crearase ao longo do río Santa Lucía un paseo para goce dos veciños e veciñas, así como dúas áreas recreativas.
- 10 Porase a disposición dos veciños e veciñas de Compostela o parque da Selva Negra, que sumará 210.000 m<sup>2</sup> máis na área forestal do Monte Pedroso; e dotarase dun servizo de cafetería, como o do parque Granxa de Xesto.
- 11 Igualmente, dotarase ao parque Eugenio Granell dunha cafetería, para darlle máis vida a un dos pulmóns verdes da cidade.

- 12 Porase en marcha un programa de ximnasia de mantemento ao aire libre nas tempadas de primavera e verán nos parques da Alameda e Eugenio Granell.
- 13 Dotaremos dun parque infantil a zona de San Lázaro, na zona verde sita entre os edificios de sindicatos e o SUNP 6.
- 14 Igualmente, dotaremos dun parque infantil a nova zona de Salgueiriños (SUNP 1).
- 15 Adquiriranse os terreos das Brañas de Sar, por parte do Consorcio, que sumarán 300.000 m<sup>2</sup> máis no cómputo total de zonas verdes da cidade, para facer unha grande área para xogos, disfrute e descanso dos composteláns, incluíndo espazos para hortas cidadás, para uso recreativo.
- 16 Implantaranse novos parques de maiores, seguindo a experiencia piloto do parque da Constitución, onde se tentou conxugar zonas recreativas para disfrute dos veciños de diferentes tramos de idade.
- 17 Ampliaranse as zonas verdes na zona norte da cidade, a través dos sistemas de desenvolvemento urbanístico.
- 18 Acondicionarase o corredor verde ferroviario de Sar, A Sionlla e Estación de Sigüeiro para o seu uso ciclístico e peonil.

#### **b Ciclo da auga e saneamento**

- 1 Preservar de riscos contaminantes o sistema fluvial de Compostela co veciño Concello de Boqueixón, aplicando, entre outras medidas, o principio de “quen contamina, paga”.
- 2 Impulsar o programa de saneamento integral das parroquias, executando o convenio asinado coa Consellería de Medio Ambiente, cun orzamento aproximado de 24 millóns de euros, para levar obras de infraestrutura hidráulica a diversas parroquias do Concello e, en concreto ás de:

- Grixoa (Marzo de Arriba)
- Grixoa II (San Xoán de Fecha)
- Bargo
- Peregrina
- Aradas
- Roxido
- Lamascal
- Fontoadade
- Camouzo
- Miramontes
- Lavacolla
- Aríns
- Marrozos
- Barciela
- Marantes
- Nemenzo I
- Nemenzo II
- Cesar
- San Xoán de Fecha
- Busto
- Sionlla
- Berdía
- Santa Cristina de Fecha
- Enfesta
- Reboredo
- Carballal
- Bando
- O Eixo
- Santa Lucía

3. Rematar dúas obras esenciais para o ciclo da auga como son o desenvolvemento dos novos colectores principais da cidade e a nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Silvouta, a través do convenio co Ministerio de Medio Ambiente, por un importe de 100 millóns de euros.

### **3 Santiago de Compostela, unha cidade comprometida coa reciclaxe**

Santiago apostou nesta última lexislatura por xestionar os residuos sólidos urbanos na Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama), complementando o sistema adoptado no seu día pola Xunta de Galicia para xestionar os residuos da nosa comunidade co sistema dos "composteiros" caseiros. Para avanzar no ciclo da reciclaxe, para o próximo mandato municipal propoñemos o seguinte:

1. Construír unha planta de compostaxe para a fracción orgánica (restos de poida e de alimentos).
2. Reutilizar *compost* para aboar os nosos parques e xardíns.
3. Asinar Convenios de colaboración cos centros comerciais e grandes superficies comerciais para que leven os residuos orgánicos á planta de compostaxe.
4. Seguir adiante co programa da compostaxe caseira, e a conseguinte bonificación do 50% na taxa de lixo aos veciños e veciñas que participen.
5. Continuar desenvolvendo programas de educación ambiental, conveniados con organizacións ecoloxistas, nos Centros Socioculturais, centrándonos en cuestións de reciclaxe, consumo responsable, e facendo fincapé na

sensibilización cos problemas múltiples derivados dos incendios forestais.

6. Afondar nas medidas de redución da xeración de residuos e da intensificación da recollida selectiva respondendo á sensibilización e compromiso ambiental que veñen demostrando os veciños e veciñas de Compostela.

## 7

**MOBILIDADE URBANA**

É evidente que a mobilidade, dada a incidencia que ten na calidade de vida dos cidadáns, estase a converter nun dos aspectos fundamentais da xestión dos concellos, tan importante como para formar parte dos servizos básicos. No caso concreto da nosa cidade pasou a acadar neste últimos anos un carácter metropolitano. Tras os esforzos e pasos dados no Plan de Transporte Comarcal, o seguinte é afianzar todos os piares da mobilidade como son o noso transporte público colectivo (urbano e a conexión co comarcal), o transporte en auto-taxi, a política en materia de aparcamentos e, en definitiva, todo o relativo á mellora das nosas relacións de mobilidade.

Tras lograr nos últimos anos unha rede de transporte urbano áxil e adaptada ás novas necesidades da cidade, pecháronse acordos con varias empresas operadoras para poder afianzar servizos que dependían de concesións administrativas autonómicas, e por tanto se atopaban fóra do ámbito de control do concello. O concello asinou contratos con todos os operadores implicados para que desta forma os veciños de Aríns, Villestro, A Peregrina e Grixoa poden gozar dun servizo nas mesmas condicións que o urbano.

A nosa aposta pasa por unha mobilidade equilibrada e non nunha loita frontal contra o uso do transporte privado, necesario nalgúns casos. Por todo iso traballouse dentro dos aparcadoiros xestionados directamente polo Concello a través da empresa municipal *TUSSA* (Transportes Urbanos de Santiago SA), que foron os primeiros da cidade en aplicar tarifas fraccionadas por minutos dende xaneiro de 2007, e que xa viñan fraccionando en 5 ou 15 minutos os de Xoán XXIII e Belvís, respectivamente, dende anos anteriores.

Seguindo nesta liña de esforzo para garantir a mobilidade continuaremos traballando, a través da empresa municipal *TUSSA*, con competencias en materia de Transporte Urbano, Estación de Autobuses e varios aparcadoiros na cidade, e directamente a través da Concellaría de Transportes nas outras áreas, para garantir un sistema equilibrado de mobilidade ao servizo do conxunto dos cidadáns, sistema que igualmente fará de Santiago de Compostela unha cidade aínda máis habitable e ecolóxica.

Baixo estes propósitos formulamos as seguintes accións:

- Potenciar a mobilidade en **bicicleta**, coa incorporación de varios puntos de aluguer e estacionamento de bicicletas por toda a cidade e sinalización de rutas cicloturísticas.
- Estudar a incorporación de novos **combustíbeis ecolóxicos** dende a próxima renovación de flota.
- Incorporar innovadores **sistemas de información ao usuario** como:

Instalación de *postes informativos* para o transporte urbano nas principais paradas da rede por número de usuarios, completando coas actuais 8 existentes na cidade.

Instalación de sinalización en *braille* sobre o nome das paradas, liñas que pasan por ela e teléfono de información en todas as marquesiñas da rede urbana de transporte.

Instalación a bordo dos autobuses dun sistema de aviso sonoro e visual da *próxima parada*, aproveitando o sistema audiovisual instalado nalgúns vehículos actualmente.

Aplicación das novas tecnoloxías aplicadas ao transporte (páxinas *web* máis accesibles, información dinámica, etcétera).

- Crear o **Servizo de Apoio á Mobilidade**, que preste labores de información, apoio ao tráfico en caso de incidencias do servizo público de transporte (avarías, desvíos por obras ou actos específicos) e vixilancia e inspección dos servizos de transporte da cidade.
- Revisar a **movilidade no ámbito rural** do municipio, estudando a implantación de sistemas de transporte á demanda ou circuitos con autobuses a varias zonas rurais, optimizando os recursos e mellorando o servizo existente.
- Reformular o servizo de **transporte público ao aeroporto**, coas frecuencias e dimensións necesarias para atender a crecente demanda.
- Continuar coa instalación de novas **marquesiñas urbanas e rurais** nos lugares nos que se detecten necesidades, estudando ademais a paulatina renovación das actuais.
- Modernizar e actualizar o servizo de **auto-taxi**, proponendo a creación dunha imaxe común cun *logotipo* visible, instalación en todas as paradas en vigor dun *poste informativo* cos horarios do servizo, teléfono do auto-taxi e tarifas actuais, dando total transparencia ao servizo, e outras medidas cara a mellora do mesmo.
- Construír os **aparcamentos soterrados** do Campus Sur (Residencia), do Hospital Clínico Universitario, o do Viaduto de Cornes, o comunitario de Vista Alegre, o da Estación do AVE, o de Belvís e o da Praza do Olvido e a ampliación da infraestrutura de aparcamento en San Lázaro.



## No plano da **MOBILIDADE METROPOLITANA** propoñemos:

- Presentar á Xunta de Galicia o proxecto de creación dun **Consortio de Transportes na Área Metropolitana de Santiago de Compostela**, que mellore o servizo coas seguintes funcións:

Coordinación en materia de paradas, servizos e información de todos os servizos de transporte urbano e comarcal.

Implantación dunha tecnoloxía e imaxe común que permita a despenalización do transbordo entre servizos urbanos e interurbanos, como base dunha mobilidade real e eficiente.

Estudio e desenvolvemento das infraestruturas de transporte necesarias para unha óptima mobilidade.

Integración destes servizos dentro do Sistema de Axuda á Explotación vía satélite existente na rede urbana, podendo así aparecer nos paneis de “próximas chegadas” e outras vantaxes tecnolóxicas para a calidade do servizo.

- Crear superficies de **estacionamento disuasorio en orixe**, é dicir, nos Concellos de orixe dos servizos metropolitanos, fomentando así o uso do transporte público cun custe razoable do conxunto (mesmo estacionamento gratuito mediante a presentación do título de viaxe validado ese mesmo día, o cal pode facerse dun xeito automático ao retirar o vehículo).
- Crear un novo marco a nivel comarcal para a coordinación de maneira eficiente dos servizos de **transporte nas zonas rurais**, máis alá dos actuais dereitos concesionais das empresas.
- Ampliar o **Noite Bus Metropolitano**, co financiamento de todas as Administracións involucradas e a participación dos operadores principais do transporte comarcal e do urbano, colaborando así na redución no número de accidentes de tráfico entre os mozos as fins de semana.

**Dada a repercusión e interrelación da mobilidade co conxunto das áreas de acción municipal, propóñense as seguintes MEDIDAS CONXUNTAS CON OUTROS DEPARTAMENTOS:**

Analizar conxuntamente co Departamento de Tráfico a sinalización viaria das **rúas de circulación preferente do transporte público**, nas rúas do centro polas que circulan os traxectos das principais liñas de transporte urbano (L-1, L-5, L-6 e L-11), nas que se concentran o 61.45% dos viaxeiros, e estudando a súa preferencia en cruces, carrís exclusivos e outras actuacións de mellora, ao ser liñas que prestan servizo ao conxunto da cidade e da rede.

Levar a efecto un **Estudo de mobilidade** conxuntamente co departamento de tráfico para analizar posibles melloras en materia de carrís bus, novos itinerarios, e melloras de mobilidade.

Poñer en marcha o programa **Coñece a túa cidade**, para que os cidadáns, especialmente os máis novos, con programas adaptados de visitas e lecer, teñan de forma grauíta os fins de semana un servizo de transporte para coñecer dende un punto de vista turístico e cidadán os lugares máis emblemáticos da nosa cidade.

## 8

### SEGURIDADE CIDADÁ E VIARIA

A seguridade é un presuposto fundamental para o exercicio da liberdade e dos dereitos de cidadanía. Por iso, a seguridade é unha prioridade do noso programa electoral e, en consecuencia, impulsaremos a coordinación cooperativa das Policía, establecendo un novo Marco de cooperación que reforzará o sistema público de Seguridade, incorporando novas funcións nas que a Policía Local poida participar, sobre todo na loita contra a delincuencia e no mantemento da convivencia cidadá, ampliando as funcións da policía local en materia de policía de proximidade e de policía xudicial e a estender a colaboración entre o Estado, a Xunta e o Concello á seguridade viaria co firme obxectivo de reducir a accidentalidade de tráfico.

Para iso, as liñas de actuación que queremos impulsar dende Goberno municipal son as seguintes:

- 1 Afondar na colaboración cos corpos e forzas de seguridade do Estado
- 2 Mellorar, modernizar e asegurar a calidade nos servizos da policía local
- 3 Prestar especial atención á seguridade viaria
- 4 Impulsar os servizos locais de atención á emerxencia

## 1 Afondar na colaboración cos corpos e forzas de seguridade do Estado

Fortalecer os mecanismos de colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado en ámbitos como o vandalismo de rúa, consumo de drogas e alcoholismo (particularmente cando se practica en lugares públicos e horario nocturno), e as condutas incívicas (sobre todo incidindo no que respecta a ruídos nocturnos en horario de peche) é indispensable para mellorar a seguridade do municipio.

Por iso, propoñemos:

- a Informar e, no seu caso, acordar a participación do Corpo da Policía Local, no marco da colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado previsto na Lei, nas funcións de Policía Xudicial.
- b Avaliar e propoñer a integración do Corpo da Policía Local no sistema Estatal de Bases de Datos Policiais, mediante a sinatura do correspondente protocolo entre o Concello e o Ministerio do Interior.
- c Promover o intercambio de información cos corpos de Seguridade do Estado e a Policía Local, facilitándose regular e reciprocamente información de utilidade para prever a delincuencia e mellorar a seguridade cidadá.
- d Impulsar a elaboración de plans conxuntos de seguridade cidadá.
- e Acordar plans específicos de protección e colaboración con motivo de eventos extraordinarios (como o 25 de xullo, o Xacobeo, etcétera).
- f Impulsar a colaboración con Protección Civil en caso de graves riscos, catástrofes ou calamidades públicas nos termos que dicte a lexislación sobre Protección civil.
- g Colaborar coas restantes policía na loita contra a violencia de xénero.

- h Ampliar as funcións da Policía Local para cubrir todas as infraccións penais relacionadas coa seguridade do tráfico e as asociadas ás mesmas, así como colaborar cos futuros Xulgados de Proximidade no ámbito das faltas e pequenos delitos, e en todos aqueles conflitos que alteren a convivencia de maneira continuada na cidade.
- i Promover a colaboración da Policía Local no exercicio da Policía Xudicial tanto no que se refire a denuncias como á investigación dos feitos.
- j Impulsar accións formativas en materia de policía xudicial, dirixidas aos compoñentes da Policía Local.

## **2 Mellorar, modernizar e asegurar a calidade nos servizos da policía local**

- a Arbitraranse, sempre que sexa tecnicamente posible, as medidas necesarias para a tramitación de denuncias por teléfono e por *Internet*, garantindo en todo caso a súa oportuna formalización, e as que possibiliten que un determinado tipo de denuncias poida efectuarse no mesmo lugar dos feitos, poñendo a disposición do denunciante o correspondente formulario.
- b Implantar programas de *Maiores acompañados* para coordinar a actuación dos Servizos Sociais e da Policía de Barrio, prestar unha atención especial ás persoas maiores que viven soas, e previr accidentes e situacións de desamparo.
- c Desenvolver Programas Integrais de Seguridade nos contornos escolares, mediante a asignación operativa de axentes titores da Policía Local a cada Centro Escolar do municipio, para garantir unha atención permanente e especializada á comunidade escolar, en materia de seguridade viaria, prevención e control de problemas de seguridade nos ámbitos de competencia da Policía Local.

- d Asegurar a colaboración do Concello cos Consellos Escolares na elaboración de Plans de Convivencia nos centros educativos, desenvolvendo programas de formación e actuación especializada para que os policía locais poidan colaborar activamente cos centros educativos nos aspectos relacionados coa convivencia, o absentismo e a seguridade, e asistindo aos Consellos Escolares nos casos en que a comunidade escolar solicite a asignación de axentes especializados para colaborar na aplicación dos Protocolos acordados nos Plans de Convivencia.
- e Desenvolver e levar a efecto o despregamento da Policía Local en todos os barrios da cidade para manter un estreito contacto coa veciñanza, dar respostas aos problemas e dinamizar as políticas locais de seguridade, en estreita cooperación co resto de Servizos Municipais.
- f No seo do Servizo da Policía Local constituír, no seu caso, a Unidade de Protección do Medio Ambiente, a Unidade de Seguridade en Zonas Industriais e a Unidade de Protección Doméstica, para garantir a seguridade das persoas en situación de risco, co obxectivo de dar respostas eficaces a problemas que espertan unha grande sensibilidade social e que requiren de efectivos policiais especializados.
- g Impulsar a renovación tecnolóxica dos Servizos de Policía Local e a utilización por estes Corpos dos sistemas de información e comunicación que xa están en funcionamento na Policía do Estado, como Bases de Datos, tramitación de denuncias, etcétera.
- h Mediante as *web* municipais, facilitar o achegamento dos Servizos de Seguridade Local á cidadanía, logrando maior axilidade, eficacia e comodidade para a realización de xestións como formular denuncias, recursos, reclamacións, recuperar obxectos perdidos, acceder a información de interese, etcétera, poñendo as novas tecnoloxías ao servizo da seguridade cidadá.

- i Publicar a Carta de Servizos da Seguridade Local como forma de adquirir compromisos de xestión e información coa cidadanía.
- j Dedicar unha atención especial ao control de espazos públicos no centro histórico.

### **3 Prestar especial atención á seguridade viaria**

- a Dar continuidade e incrementar o Plan de Seguridade Viaria en colaboración cos colexios da cidade e a Policía Local.
- b Impulsar a colaboración e coordinación entre a Garda Civil e a Policía Local en materia de seguridade viaria, para previr a sinistralidade de tráfico, a alcoholemia na conducción, a velocidade excesiva, etcétera.
- c Elaborar o Plan Local de Seguridade Viaria, con diversas medidas para mellorar a mobilidade e a seguridade da circulación viaria urbana.
- d Crear un Parque de Educación Viaria Local como centro de formación e sensibilización en condutas viarias seguras para os escolares e outros grupos de poboación que sofren maior risco de accidentalidade.

### **4 Impulsar os servizos locais de atención á emerxencia**

- a Crear unha Oficina Técnica de Protección Civil, que será responsable de realizar os estudos técnicos de análise de riscos e a planificación da actuación diante de calquera tipo de emerxencia no ámbito municipal.
- b Desenvolver o Plan de Emerxencia Municipal que analice os riscos que afectan á poboación, ao medio ambiente, ao normal desenvolvemento da vida cotiá da cidade e for-

mule unha estrutura organizativa que contemple todas e cada unha das accións a levar a cabo para o control da emerxencia. Dentro deste Plan incluírase o denominado Plan de Información de Edificios de Risco, que disporá de toda a información de edificios de pública concorrencia de risco alto e medio do termo municipal, para a correcta e eficaz actuación dos servizos de emerxencia en caso de sinistro.

- c Mellorar os Servizos de Prevención e Extinción de Incendios da Cidade, incorporando os recursos humanos e técnicos necesarios para un óptimo funcionamento deste servizo público, facéndoo mais eficaz e eficiente, para garantir a seguridade e protección cidadá, e poñendo en marcha o novo Parque de Bombeiros.
- d Promover a creación dun ente xeral de coordinación de bombeiros na Comunidade autónoma, para garantir a cooperación da Xunta, a Deputación Provincial e o Concello nesta materia e incrementar o control e a calidade do servizo.
- e Establecer plans de formación específicos para o persoal dos Servizos de Atención á Emerxencia en cooperación con outras Administracións locais e a Xunta de Galicia.
- f Crear un Departamento Técnico de Prevención nos Servizos de Prevención e Extinción de Incendios, co obxectivo de verificar e inspeccionar proxectos e de controlar o cumprimento da normativa.
- g Potenciar o Programa de Voluntariado e Participación Cidadá en Protección Civil, porque unha sociedade segura é tamén unha sociedade solidaria.
- h En xeral, ampliar, reforzar e modernizar a Protección Civil, servizo especialmente relevante nunha cidade da capacidade de atracción turística de Compostela.



## 9

**SERVIZOS SOCIAIS**

O desenvolvemento das políticas sociais require promover un cambio na organización e a xestión dos servizos, para adecualos ás novas esixencias de integrarse, como peza básica, nunha política global de benestar social, que o Concello quere impulsar co seu programa Compostela Viva. Nel subxace o compromiso de mellorar e ampliar as actuacións desenvolvidas ata o de agora nun novo marco conceptual, que procura a interrelación entre sistemas de protección e benestar social, e nun novo marco normativo, que se abre coa aplicación da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención ás Persoas en Situación de Dependencia.

Pero, en todo caso, o compromiso coa extensión dos dereitos sociais a toda a poboación, pasa pola consolidación e extensión dun sistema público de Servizos Sociais, que garanta a toda a cidadanía as prestacións necesarias para promover a súa autonomía, o seu desenvolvemento persoal e a integración social, con especial atención aos grupos e persoas máis vulnerables.

A dispersión de competencias e a fragmentación das prestacións fai necesario un especial esforzo na coordinación e cooperación entre as diferentes administracións e institucións, para garantir uns servizos sociais próximos á poboación, coordinados, rendabilizando os recursos existentes na área e establecendo sistemas de derivación e cooperación áxil e eficaz. Neles, a participación cidadá será un elemento esencial para o desenvolvemento e mellora constante dos programas sociais do Concello, así como a incorporación dunha colaboración do voluntariado social para promover as accións que favorecen a autonomía persoal, a convivencia positiva e a inclusión social.

A posibilidade de acceso aos recursos básicos en igualdade de condicións de todos os cidadáns implica unha perspectiva urbana da accesibilidade, que aborda elementos de mobilidade, comunicación e comprensión dos espazos públicos, os servizos e os equipamentos, para ter a posibilidade de acceder en igualdade de oportunidades a todas as ofertas sociais, culturais, deportivas e urbanas.

As nosas propostas teñen como obxectivo garantir un nivel óptimo de calidade e racionalidade na xestión, unhas prestacións básicas integradas en estratexias, que garantan o efectivo desenvolvemento das potencialidades dos cidadáns e a súa integración social, nunha cidade que favoreza a convivencia humana positiva e solidaria, que posibilite que todos e todas participen nas decisións que nos atinxen, e na creación dunha cultura e identidade propia e de uso dos servizos por parte de toda a cidadanía, especialmente de aqueles que máis o precisan.

**Para iso, as estratexias de intervención para consolidar os dereitos sociais básicos son as seguintes:**

- Mellorar e estender as prestacións e os programas de Servizos Sociais.
- Reestruturar a rede Servizos Sociais adaptándoos ás novas necesidades.
- Promover a mellora constante, a racionalidade e a calidade dos Servizos.
- Participación cidadá.
- Transversalidade, colaboración e coordinación institucional.
- Políticas integrais para a accesibilidade.
- Financiamento estable e suficiente.

## 1. Seguir traballando na mellora das prestacións e programas dos Servizos Sociais

O obxectivo dese traballo será garantir o dereito de atención no fogar e outros apoios á unidade familiar para facilitar a convivencia positiva e a autonomía persoal no ámbito familiar e social, por medio dos seguintes programas:

### a **Axuda no fogar para as persoas con dificultadas de autonomía persoal**

Este programa ten como obxectivo prestar un conxunto de servizos e atencións ás persoas, que teñen limitada a súa autonomía persoal, ou nos casos de desintegración familiar, facilitando a permanencia no seu propio contorno de convivencia.

O programa ofrece atención integral, mediante servizos de manutención, axuda ás actividades da vida diaria, terapia ocupacional, acompañamentos.

#### **Liñas de actuación:**

- Incremento anual da oferta de asistencia de axuda no fogar para a poboación dependente.
- Incrementar a dotación orzamentaria destinada á prestación, axeitándoa aos índices demográficos.
- Divulgar o servizo de axuda no fogar entre a poboación maior, especialmente nos núcleos rurais.
- Establecer un sistema de seguimento, supervisión e avaliación do servizo.
- Mellorar a coordinación e establecer liñas de cooperación con outros servizos complementarios a este, como os de teleasistencia, lavandería e comedor sobre rodas, ou envellecemento activo.

## **b Teleasistencia domiciliaria**

É un recurso dirixido a persoas maiores, que viven soas ou que permanecen soas gran parte do día, que teñen cubertas as súas necesidades básicas e non padecen enfermidade ou discapacidade mental.

Presta atención inmediata e personalizada en situación de crise persoal, social ou médica, mobiliza os recursos necesarios diante emerxencias, da apoio inmediato a través da liña telefónica, mantén contactos periódicos, e realiza o seguimento persoal, servindo de enlace entre os usuarios e o seu contorno familiar.

### **Liñas de actuación**

- Incrementar a cobertura ata chegar ao 12,5%, das persoas maiores de 65 anos que viven soas.
- Aumentar os orzamentos destinados a esta prestación
- Realizar campañas de difusión do servizo, especialmente dirixidas aos núcleos rurais.
- Desenvolver programas e protocolos que garantan a calidade e o nivel de especialización da asistencia.

## **c Centros de día para persoas dependentes**

Son equipamentos especializados non residenciais, de contido socio-rehabilitador, dirixidos a persoas con autonomía reducida, cuxa finalidade principal é a de conter as perdas funcionais, favorecer o mantemento no seu medio habitual de convivencia e apoiar ás súas familias.

Prestan atención rehabilitadora, cuidados persoais, asistencia médica de carácter preventivo, terapia ocupacional, atención psicosocial, actividades físicas e de lecer e o transporte ao centro, en réxime de media pensión

### **Liñas de actuación**

- Impulsar a creación de prazas de Centros de Día, ata acadar os índices de cobertura propostos no Plan Xerontolóxico.

- Os centros incluírán terapia ocupacional, formación, actividades de lecer, terapia rehabilitadora, programas de autonomía persoal, e apoio e formación ao contorno familiar.
- Establecer convenios coas asociacións que están xestionando actividades e prestando asistencia en centros de día para persoas con dependencias específicas. (Alzheimer, enfermos mentais, dano cerebral, persoas maiores dependentes...)
- Establecer estándares de calidade no funcionamento dos centros de día.

#### **d Programa de apoio a cuidadores/as**

É un servizo municipal de prevención, dinamización comunitaria e autoaxuda, no ámbito da dependencia, prestado por un equipo técnico para o apoio psicosocial ás persoas cuidadoras. Estes programas teñen como obxectivos: Previr a situación de sobrecarga; Establecer un soporte integral ás familias obxecto de intervención; Mellorar a calidade de vida das cuidadoras e cuidadores.

##### **Liñas de actuación**

- Establecer programas específicos de formación ocupacional dirixidos ás familias cuidadoras.
- Recoñecemento como mérito profesional do tempo dedicado aos cuidados de familiares dependentes.
- Elaborar e distribuír material didáctico sobre cuidados e atención a persoas maiores dependentes.
- Establecer prazas para estancias temporais (fins de semana, vacacións) que permitan ás familias cuidadoras un respiro temporal.
- Apoio ás asociacións cidadás que prestan esta axuda.

- **Respiro familiar:** O obxectivo desta prestación é substituír o cuidador principal durante o tempo que este necesite para realizar actividades diversas como compras, xestións, pero tamén para actividades de lecer, culturais, etcétera.

## **e Seguir avanzando en sistemas alternativos de aloxamentos**

Baixo esta denominación agrúpanse varias modalidades de aloxamentos, para persoas maiores, que por problemas de vivenda, soidade, perda parcial da autonomía, vense obrigadas a abandonar os seus domicilios e optan por unha solución o mais parecida ao seu modo habitual de vida. A estes efectos promoverase a utilización do edificio do Vello Hospital Provincial en Galeras –previo acordo coa USC, titular do mesmo- como equipamento básico para estas novas formas de intervención.

### **Liñas de actuación**

- Impulsar sistemas alternativos de aloxamentos
- Apartamentos individuais ou bipersoais, con servizos comúns.
- Vivendas tuteladas, ocupadas por grupos que oscilan entre 4 e 10 persoas.
- Vivendas autoxestionadas polas persoas que as ocupan.
- Apoio ao acollemento con diversas fórmulas, como acollemento familiar, de convivencia, etcétera.
- Construción de novas Residencias para a 3ª Idade en Fontiñas e Pontepedriña.

**f Programa para a mellora e acondicionamento de fogares de persoas maiores que viven soas.**

O programa pretende a adaptación funcional dos fogares, como a eliminación de barreiras en baños, implantar rampas de acceso nos domicilios, etcétera.

**Liñas de actuación**

- Avaliación do estado das necesidades das vivendas das persoas maiores que viven soas.
- Asesoramento técnico para realizar a adaptación, instalacións de axudas técnicas, medidas de seguridade, etcétera.

**g Plan integral para a infancia e a adolescencia, no cadro do programa Compostela Viva**

A atención as novas necesidades de nenos e adolescentes comprométenos na descentralización das políticas sociais (rede de centros socioculturais, centros de ensino), a elaboración de plans sectoriais (infancia, xuventude, muller e maiores), a implicación de diferentes servizos municipais (Educación e Mocidade, Cultura, Servizos sociais, Promoción Económica, Deportes, Sanidade, Seguridade Cidadá) e a posta en funcionamento de mecanismos de participación que representen aos cidadáns e que favorezan a elaboración e a aplicación dos Plans, todo o cal é coherente coa filosofía do noso programa Compostela Viva. Así, nel favoreceremos a:

- Constitución do Consello Municipal de Infancia integrado polos diferentes servizos do concello da área do social, as organizacións sociais máis representativas do sector e polos grupos políticos municipais.
- Elaboración da Carta municipal dos Dereitos do Neno e da Nena que recollerá o dereito a ser escoltados nos asuntos do seu interese.

- O compromiso do Grupo Socialista do Concello de que no deseño e desenvolvemento das políticas culturais, de ocio e deportivas, estaremos atentos á súa adaptación ás necesidades, preocupacións e demandas deste grupo de idade.
- Atención especial á dispoñibilidade de prazas escolares de educación infantil para os fillos dos traballadores e traballadoras do tecido industrial da cidade mediante incentivos de promoción ás empresas ou asociacións de empresarios que as creen.
- Accións de conciliación laboral e familiar:

Traballaremos pola adecuación de horarios dos diferentes servizos municipais co obxectivo de achegalos ás necesidades dos nenos e das familias, para facilitar a súa utilización.

Promoveremos iniciativas de apertura e de aproximación dos equipamentos e servizos educativos, culturais e de lecer da cidade á comunidade educativa e aos colectivos, sectores e barrios da cidade.

Continuaremos o labor de impulso das políticas de accesibilidade física e comunicativa para facer unha cidade sen barreiras para os nenos e nenas con discapacidade.

Desenvolveremos un programa intersectorial de atención infantil, de carácter asistencial, preventivo e promocional en saúde, nutrición, coidado prenatal, desenvolvemento tempera e de educación familiar.

### **Intervención técnica de apoio ás familias**

Crear un equipo multidisciplinar de Intervención Técnica de Apoio ás Familias.

Intervencións profesionais de apoio ás familias con menores a cargo.



Seguimento de procesos de acollemento de menores e detección activa de casos.

Estruturar un modelo asistencial integrado para a atención a menores.

Avaliación das intervencións con menores.

Programas de formación en grupos

Programas de formación para familias acolledoras

### **Escolas para pais e nais**

Que atendan as demandas e necesidades formuladas polos fillos e fillas, nas que poidan axudarlles a entendelos mellor, sabendo o que facemos ben e o que podemos mellorar, aprendendo habilidades para manexar as dificultades, entrenarse en estratexias para prever e resolver conflitos e debater sobre cuestións que lles preocupen ou xeren temor.

### **Plan de prevención do absentismo escolar**

Por ser conscientes do problema social que afecta aos menores entre os 6 e os 16 anos contemplamos a posta en marcha dunha mesa local sobre o absentismo escolar na que poidamos colaborar na solución dun problema que priva da educación básica dos menores e que incumpre a obriga que compete aos poderes públicos e ás familias respecto do dereito á educación.

## **h Programas de prevención, atención e integración social**

A inclusión social implica a capacidade para exercer os dereitos de cidadanía (acceso á sanidade, á educación, ao

mercado laboral...) Por circunstancias persoais, familiares ou sociais hai persoas ou colectivos que teñen maior dificultade para acceder a elas. É necesario dar resposta a estas necesidades, garantir a subsistencia e facilitar o proceso de incorporación á sociedade. Por iso cómpre estruturar programas específicos destinados a previr a marxina-ción social e favorecer a integración social.

### **Liñas de actuación**

- Reforzar os recursos para a detección e a acollida.
- Facilitar o acceso á información, á orientación, aos recursos e ás axudas.
- Aumentar os programas específicos para a formación Básica, as habilidades sociais, a formación para o emprego e o acompañamento social
- Realizar seguimento dos casos.
- Avaliar a intervención para reformular os obxectivos, os proxectos e as accións.

### **i Actuacións para un avellentamento digno, activo e saudable**

Irán dirixidas a impulsar a participación e o protagonismo das persoas maiores, para o cal proponse crear os Consellos Sectoriais de Maiores e o Plan de Eméritos da Cidade para aproveitar a experiencia, a formación e a dispoñibilidade de tempo libre das persoas maiores para os plans de formación, emprego, educación, reforzo educativo, etcétera.

### **i Plan local de educación de adultos. Atención ás necesidades formativas das persoas adultas**

Na perspectiva da elaboración dun Plan local de formación de persoas adultas promoveremos coordinadamente coa

Consellería de Educación, o desenvolvemento dos recursos necesarios para acomodar a oferta á demanda actual e ás previsións dos próximos anos nos tres ámbitos de formación: formación básica; formación para o traballo e formación para o tempo libre, a cultura e a participación.

## **2. Reestruturar os Servizos Sociais Comunitarios adecuándoos ás novas necesidades da poboación**

Os Servizos Sociais Comunitarios constitúen a estrutura básica do Sistema Público de Servizos Sociais. Conforman un primeiro nivel de intervención en materia de Servizos Sociais e a súa finalidade é acadar unhas mellores condicións de vida da poboación.

Para iso propoñemos:

- a Crear un Instituto Municipal de Benestar Social (IMBS)** como organismo autónomo que garanta unha xestión equilibrada e harmónica dos servizos sociais.

Os seus obxectivos concréntanse, a nivel xeral, no estudo das necesidades sociais do Municipio, e a programación e execución daqueles servizos que sexan adecuados para responder ás mesmas. No desempeño das súas funcións actuará segundo os principios de responsabilidade pública, universalidade, globalidade, participación e integración.

O IMBS terá por obxecto a organización e prestación de servizos encomendados polo Concello nas diferentes áreas de benestar social, financiadas por medios públicos e aqueles outros recursos que a propia Institución poida obter en beneficio dos cidadáns do concello que desexen ampliar a súa participación na acción social tanto individual como colectivamente.

O Instituto será unha peza básica do programa Compostela Viva.

## **b Adecuar a Rede Básica de Servizos Sociais ás necesidades**

A información, avaliación, orientación e asesoramento constitúen a porta de entrada á rede pública de Servizos Sociais. Estas actividades intégranse na rede básica, e neste servizo levaranse a cabo as primeiras atencións e prestacións á poboación, así como os contactos de xestión cos demais recursos sociais. Débese pasar por este Servizo antes que por calquera outro.

### **Liñas de actuación:**

- Estabilizar as Unidades de traballo social existentes, dotándoas de persoal fixo adscrito a elas.
- Reforzar os equipos, constituíndoos con persoal interdisciplinar estable.
- Constituír equipos de intervención técnica de apoio en materia de dependencia, menores ou muller.
- Separar a xestión da asistencia.
- Establecer un sistema de coordinación territorial entre os diferentes servizos que se prestan á cidadanía en cada zona, especialmente cos Centros socioculturais como recurso social de proximidade.

## **3. Promover a mellora constante, a racionalidade e a calidade dos Servizos Sociais de responsabilidade pública**

O sistema de Servizos Sociais debe sustentarse na responsabilidade pública como garantía dos dereitos da cidadanía, facendo especial fincapé no acceso aos servizos, á xestión das prestacións básicas e no proceso de planificación.

### **Liñas de actuación**

- Establecer normas que garantan os niveis de calidade nas prestacións propias e concertadas.
- Implantar criterios de calidade na xestión dos servizos
- Desburocratizar a intervención social, facilitando a xestión dos recursos: simplificar os procesos, establecer protocolos únicos, potenciar as actuacións a través da páxina web.
- Promover e apoiar a reciclaxe e a cualificación dos profesionais dos servizos sociais.
- Establecer acordos coa Universidade, e coas ONG para desenvolver a investigación social, fomentar a formación, a mellora profesional e a innovación metodolóxica e de técnicas de intervención.
- Establecer un programa de calidade e avaliación.

## **4 Participación cidadá**

A participación cidadá é imprescindible e complementaria para lograr a inclusión social, a convivencia positiva e a autonomía persoal.

Os servizos sociais deben favorecer a responsabilidade social a través do apoio ás asociacións, ao voluntariado e ás diversas formas de participación dos usuarios e da sociedade na organización, xestión e planificación dos seus centros e servizos.

### **Liñas de actuación**

- Garantir a formación continuada do voluntariado e o recoñecemento dos servizos que presta.
- Potenciar as funcións do Consello Municipal de Servizos Sociais e crear un Consello Asesor.

- Artellar procesos de participación arredor de intereses específicos non permanentes.
- Introducir a formación de mediadores sociais en temas de benestar social.

Posta en marcha da Casa das Asociacións, cos obxectivos de:

- Fortalecer a rede de participación cidadá.
- Establecer un espazo e un marco mutuo de colaboración interinstitucional.
- Estimular a constitución de asociacións locais e potenciar as xa existentes.
- Elaborar e poñer en marcha programas de intervención en todas as áreas de competencia dos servizos sociais, de forma transversal e integrada.
- Potenciar a coordinación entre as asociacións e rendibilizar os recursos existentes.

## 5 **Transversalidade, cooperación e coordinación departamental e institucional**

O artellamento da cooperación e coordinación departamental producirase no marco do programa **Compostela Viva**, xa que o benestar e as políticas sociais son políticas transversais que afectan a todos os departamentos. Iso implica especificar as funcións necesarias e establecer os medios para crear un mecanismo de coordinación horizontal entre as áreas correspondentes.

Tamén implica a diferentes administracións, na xestión e na provisión de recursos económicos.

### **Liñas de actuación:**

- Elaborar o Plan estratéxico de Servizos Sociais.

- Impulsar unha comisión interdepartamental, que faga efectiva a coordinación entre Concellerías, para o deseño, execución e avaliación de políticas integrais de Benestar Social no marco do programa Compostela Viva.
- Impulsar mecanismos de cooperación interinstitucional: Xunta de Galicia, Deputación, Universidade.
- Potenciar o traballo en Rede con outras cidades e rexións europeas, a través da Rede Transrexional de Inclusión Social (RETIS).
- Potenciar a integración nos programas e proxectos da Unión Europea.

## **6 Políticas integrais de accesibilidade**

A cidade é o espazo no que os individuos adquiren a condición de cidadáns, isto é, a condición de ser persoas titulares de dereitos políticos, sociais e culturais. Tal virtude comporta permitir o acceso das persoas a múltiples servizos e equipamentos, posibilitar o contacto cos outros e favorecer a liberdade de elección, e todo iso en igualdade de condicións. É tamén o contorno onde desenvolvemos a nosa vida cotiá e onde se atopan a maioría de barreiras ou impedimentos que limitan a nosa autonomía, o noso benestar e a nosa capacidade de elección.

### **Liñas de actuación**

- **Mellora da accesibilidade dos espazos públicos**

No Planeamento urbano Xeral, Parcial e Especial.

Seguir avanzando nos Plans de Mobilidade.

Continuar mellorando a comunicación e sinalización, completando a adaptación dos semáforos para invidentes, transporte público, etcétera.

■ **Mellora da accesibilidade dos servizos públicos:**

Do contorno urbano inmediato e a edificación, adecuando o mobiliario urbano ás persoas con discapacidade.

Da información presencial: linguaxe de signos.

Dos procesos administrativos e os seus instrumentos: formularios, impresos, etcétera., facendo intelixible a linguaxe empregada, e fornecéndoos tamén en braille.

Dos terminais electrónicos que prestan servizos.

Dos medios electrónicos de información, acceso e servizo (presenciais e virtuais).

Dos mecanismos de consulta, queixas, suxestións, etcétera.

■ **Mellora da accesibilidade de produtos e equipamentos**

As actividades que se programan no municipio deben garantir o seu uso opcional por parte de todas as persoas; isto é, non debe ser segregatorio nin discriminatorio, senón buscar o goce e participación polo máximo número de persoas, independentemente das súas capacidades funcionais, da súa idade e sexo.



## 10

### **Cultura de base: CENTROS SOCIO CULTURAIS**

Os centros socio-culturais como infraestruturas estables serven para desenvolver unha labor social e cultural preta da cidadanía, achegando a esta os medios necesarios para a súa participación activa na cidade, ao tempo de seren espazos de acollida daquelas outras iniciativas dos colectivos cidadáns, poñendo ao seu dispor os medios necesarios para favorecer a súa participación na vida cultural e social do seu barrio e da súa cidade.

En consecuencia, propoñemos:

- 1** Unha extensa programación de actividades diversificadas e amplas, tendo en conta os distintos colectivos e segmentos poboacionais:
  - a Achegamento da poboación ao manexo das novas tecnoloxías, mellora das infotecas da rede e continuación da labor dos cursos de aprendizaxe dirixidos aos nosos maiores, mulleres e nenos/as como colectivos prioritarios.
  - b A ampliación dos fondos das bibliotecas dos centros e dos programas de animación á lectura coa dotación dos máximos espazos de lectura posibles e préstamos persoais.
  - c Continuación coa oferta de talleres de tempo libre e ocio como os de pintura, risoterapia, manualidades, etcétera.
  - d Teatro, cine e exposicións diversas en rede.
  - e Programas específicos nas aulas de xogo con actividades lúdicas e de xogos cooperativos, de socialización, educación en valores, educación para a saúde, educación medioambiental, etcétera.

- f Aprendizaxe musical e instrumental, concertos didácticos, espazos para ensaios e fomento da música coral, etcétera, e de grupos de música tradicional.
- g Programas anuais de excursións e visitas culturais de un ou varios días.
- h Seguir fomentando os clubs de maiores e as actividades deste colectivo.
- i Aumentar a creación dos clubs de saúde natural e as actividades vinculadas aos hábitos saudables, así como cos talleres de relaxación, ioga, pilates, etcétera.
- j Continuar co fomento do deporte tipo xadrez e tenis de mesa continuando coa creación de clubs destas especialidades.

**2** Que os centros socioculturais continúen a ser o soporte das actividades de colectivos, entidades e asociacións de todo tipo, xa que constitúen un pilar fundamental para o artellamento de moitos programas e accións do enramado sociocultural e asociativo necesario nunha sociedade activa e participativa na vida dos seus barrios e cidades

**3** A potenciación do Consello de Centros socioculturais na toma de decisións relativas ás actividades a desenvolver e no propio funcionamento dos centros socioculturais.

**4** A creación de novos equipamentos na rede co obxectivo de que estean presentes na maioría dos barrios da cidade. Así, construírase un novo centro sociocultural na zona da Choupana e rematarase o novo equipamento na zona do Ensanche no antigo local de sindicatos, completando así unha extensa rede de 44 centros e locais socioculturais en practicamente todos os barrios e parroquias de Santiago. Igualmente, procederáse á transformación do Centro Ramón Cabanillas, no Casco Histórico, instalándoo na vella casa parroquial de San Miguel dos Agros.

- 5** Descentralización da administración. A través dos centros pretendemos achegar á cidadanía servizos e prestacións cara a acadar unha administración máis preto da cidadanía. Así o faremos cos servizos sociais, co traballo interdisciplinar con familias necesitadas e coa existencia dun servizo de rexistro nos centros dos barrios máis grandes (Fontiñas, Ensanche, Vite, Conxo, etcétera). Neste contexto, os Centros Socioculturais municipais serán a infraestrutura de referencia para o programa COMPOSTELA VIVA.

## 11

**COMPROMISO COA EDUCACIÓN**

Os socialistas composteláns entendemos a importancia da cidade como un axente educativo máis, que comparte espazo con estruturas educativas básicas como a familia, a escola e os medios de comunicación. Estamos convencidos de que o futuro de Santiago depende do futuro dos seus habitantes, no que a formación, a promoción e o desenvolvemento da cidadanía é determinante para lograr a integración e a cohesión social.

Concibimos Santiago como unha cidade educadora, nun senso integrador, no que os centros educativos, os deportes, a cultura, o medio ambiente e a saúde, a defensa da nosa identidade e da lingua galega, a planificación urbana, a seguridade e a mobilidade, a educación viaria, o lecer e o tempo libre, entre outros asuntos do cotián, conteñen e desenvolven todo tipo de valores, coñecementos e destrezas que consideramos factores prioritarios de educación da cidadanía.

De aí o interese por facer explícito no noso programa o compromiso entre a institución municipal e a sociedade civil, para que a educación se converta nun eixe fundamental e transversal do proxecto político de cidade que temos para Compostela, cerne do progreso individual e de benestar social.

Ao longo dos anos de goberno no que o proxecto socialista para Santiago foi creando a cidade da que hoxe gozamos, temos despregado multitude e diversidade de accións para que o compoñente educador da cidade se materialice. Moitas delas son realidades e outras moitas, como resultado da experiencia e do compromiso que queremos renovar, guiarán o traballo dos próximos anos para impulsar a vontade de colaborar na transformación da realidade social e educativa en aspectos como:

- A formación ao longo de toda a vida
- A igualdade de oportunidades
- O diálogo interxeracional, a educación baseada nos valores democráticos e a cooperación internacional
- A calidade de vida e o civismo
- A realización de políticas de inclusión social para contrarrestar os mecanismos de exclusión e de marxinação
- A promoción da cultura en todas as súas manifestacións
- O impulso da planificación urbana que fomente a integración
- A creación de espazos, equipamentos e servizos adaptados ás necesidades dos cidadáns
- O asociacionismo, a participación cidadá e a coordinación entre as administracións e a sociedade civil.
- A formación profesional de calidade, a orientación persoal e vocacional
- a formación para familias e educadores.
- o fomento dun medio ambiente saudable, o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde.
- a formación nas tecnoloxías da información e as comunicacións.

## **Santiago de Compostela, cidade educadora.**

### **LIÑAS ESTRATÉXICAS E ACCIÓNS PRINCIPAIS**

- 1 Corresponsabilidade do goberno local e do goberno autonómico no terreo da planificación educativa.** O grupo municipal socialista traballará coa maior decisión para o desenvolvemento do Pacto Local, na perspectiva

de asumir novas competencias en materia educativa polos municipios, apostando polo traballo conxunto da Xunta de Galicia e os concellos, desde unha perspectiva local. Defenderemos nesta perspectiva a creación de mecanismos de corresponsabilidade e de co-xestión entre os dous niveis de administración, mellorando a planificación da oferta educativa e o mapa escolar, a oferta de prazas escolares públicas e a avaliación das necesidades de escolarización.

- 2 Elaboración do **Proxecto Educativo de Cidade** de Santiago de Compostela. Desde o Concello, en liña coas experiencias máis innovadoras para a mellora da educación, traballaremos por un modelo de escola que faga da proximidade e da relación co territorio os seus sinais de identidade. Porque entendemos que, xunto ás funcións propias que os concellos exercen (prestación de servizos, actividade económica e social, xestión democrática da vida colectiva), cobra unha importancia cada vez máis determinante a función educadora, xa que a educación non é responsabilidade exclusiva da familia e da escola, senón que tamén a cidade ten moito que dicir na formación integral dos cidadáns, e para dar forma a esta preocupación contamos con este axeitado instrumento.
- 3 Adopción de medidas **contra o abandono e o fracaso escolar**, como xeito de asegurar, na práctica, o principio xeral de igualdade de oportunidades.

#### 4 **Educación patrimonial**

A riqueza do patrimonio histórico de Compostela constitúe un recurso didáctico único e esixe unha acción decidida para a súa posta en valor. Ademais de testemuña do pasado e referente da nosa identidade é un valor que temos que incrementar e legar axeitadamente ás xeracións futuras. A rede museística, as novas tecnoloxías, o Museo de Santiago e das Peregrinacións, o programa de utilización didáctica da cidade Vivir Santiago, os proxectos patrimo-

niais do Consorcio da Cidade de Santiago, o Grupo de Cidades Patrimonio, o Eixo Atlántico, o Proxecto Terra do COAG, así como outras iniciativas de entidades e administracións que actúan en Santiago, permitirannos a posta en marcha de innovadores recursos para a educación mediante materiais audiovisuais, materiais para o alumnado e para o profesorado, obradoiros de formación, centros de documentación e información pedagóxica, intercambios internacionais, exposicións, entre outras iniciativas.

## **5 Programa de dinamización cultural e educativa para os centros de ensino**

Atendendo á transversalidade dos programas educativos e culturais, reforzaremos a dinamización cultural dos centros de ensino do municipio cun programa estable de concertos de música, exposicións de artes visuais e plásticas, representacións teatrais. Equipamentos como o Teatro Principal, o Auditorio de Galicia, o Centro de Creación Cultural da Almaciga, a Escola Municipal de Música, os Locais Municipais de Ensaio para a Mocidade, a Rede de centros socioculturais, en colaboración con todo tipo de equipamentos públicos e privados existentes na cidade, garantan a posta en marcha dunha oferta renovada de formación artística para os estudantes.

## **6 Plan de bibliotecas escolares e de fomento do hábito lector**

A importancia da lectura en todos os niveis do ensino e para os composteláns lévanos a considerar como unha acción de goberno múltiples liñas de actuación neste ámbito. A salientar o noso compromiso de realización, en colaboración coas outras administracións públicas, fundacións, editoriais, libeiros, asociacións de escritores, deseñadores, ilustradores, publicacións especializadas e todas aquelas entidades interesadas, dun Plan de bibliotecas e de animación á lectura como marco idóneo que permita a promoción do hábito lector e como fonte de

aprendizaxe. Accións de colaboración, como a dispoñibilidade en cada centro de primaria e de secundaria de espazos e de fondos informatizados; apoio ao profesorado que as dinamice, programas de actividades para todos os centros de ensino, dinamización preferente da Rede de escolas infantís.

## **7 Servizos de promoción da infancia**

O coñecemento das novas realidades sociais dos composteláns (crecemento da cidade, cambios da estrutura familiar, mobilidade xeográfica, laboral e de estudos, novas formas de relación, necesidades de lecer e tempo libre), xeran un conxunto de necesidades para as que o grupo socialista ten contemplado unha serie de estratexias innovadoras que atendan estas novas realidades sociais. De xeito descritivo teñen que ver con cuestións como:

### ■ **Completar a rede de escolas infantís e dotalas dun proxecto pedagóxico innovador e de calidade**

Unha vez en funcionamento as previsións de creación de escolas infantís aprobadas nesta lexislatura (Escolas Infantís de Fontiñas, San Roque, Polígono do Tambre e Tras Parlamento), acometeremos un segundo programa de equipamentos e servizos municipais para a infancia e a xuventude, de acordo coas necesidades detectadas, incluíndo a construción de 3 novas escolas infantís no Castiñeiriño-Pontepedriña, Santa Marta-A Choupana e San Lázaro.

### ■ **Comedores escolares e programa *Madrugadores***

Dúas iniciativas que o esforzo e dedicación das asociacións de nais e de pais de centros de ensino teñen posto en funcionamento e que polo seu evidente interese para a integración laboral e a conciliación da vida familiar, contarán coa nosa colaboración e a mediación diante da Concellería de Educación para a súa mellora e optimización.



### ■ Ludoteca municipal das Fontiñas

Un recurso municipal que pensamos que dará resposta, por unha banda á potenciación das relacións familiares/fillos mediante a utilización de espazos e tempos comúns de xogo, aumentando o coñecemento das familias sobre o desenvolvemento evolutivo dos seus fillos e aprendendo novos xogos e actividades que poidan favorecerlo. E por outra, constituír o equipamento de referencia dunha rede de espazos municipais que favorezan a relación entre nenos e nenas ao longo de toda a xornada escolar para os centros de ensino do municipio, cun abano de propostas arredor de xogos de movemento, de descubrimento, de expresión, talleres de cociña, contacontos, música e movemento, novas tecnoloxías, entre outros.

## **8 Participación da comunidade educativa de Santiago**

Desde o Concello redobraremos a promoción da participación directa da comunidade educativa, nos diferentes ámbitos da actuación educativa como garantía de calidade e de mellora continua do sistema educativo da cidade:

- Consello Escolar Municipal de Santiago: que é o organismo de consulta e de participación dos sectores da comunidade educativa do ensino non universitario.
- Representación municipal nos Consellos Escolares dos centros educativos da cidade, reforzando a participación municipal estipulada na normativa vixente como membro activo.
- Favorecer a creación de Audiencias Públicas dos nenos e nenas de 12 a 16 anos para promover actuacións concretas obxecto do seu interese.
- Creación do Consello de Coordinación Pedagóxica: onde se coordinen as institucións e entidades cidadáns de Santiago de Compostela que contan con recursos educativos e culturais para colaborar coa escola,

facilitándolle ao profesorado a tarefa de escoller as máis axeitadas á súa planificación educativa. Estará constituído por todos os servizos do concello de Santiago e por outras institucións públicas, entidades e empresas que ofrecen actividades educativas.

## **9 Programa de educación intercultural**

A acollida de poboación de diferentes lugares xeográficos fainos tomar en consideración novas accións de respecto, tolerancia e en prol dunha convivencia pacífica cos novos veciños que deciden vivir na nosa cidade. No ámbito da educación promoveremos un programa de difusión intercultural nos centros de ensino que, en base a actividades educativas orientadas á infancia e á mocidade, fomenten a diversidade cultural, o pluralismo e a integración na realidade de Galicia, enfocándose á loita contra o racismo e a xenofobia. Neste senso valoramos moi positivamente o traballo de colaboración desenvolvido dende o concello en colaboración con asociacións como a Coordinadora Galega de ONG, o Foro da Inmigración, a Plataforma polo Emprego, a Fundación Secretariado Xitano, a Cruz Vermella, entre outras.

## **10 Aprendizaxe de idiomas**

Optimizar e axeitar cualitativa e cuantitativamente a oferta existente atendendo á demanda e ampliando a oferta de aprendizaxe de linguas. Colaboración coa **Escola Oficial de Idiomas, e construción dun novo edificio para a mesma.**

Ampliaremos os programas municipais en épocas non lectivas e os intercambios entre cidades para a aprendizaxe de linguas.

## **11 Atención á poboación escolar con necesidades educativas especiais**

Velaremos pola correcta integración do alumnado con necesidades educativas especiais nos centros ordina-

rios. Reclamaremos e coordinaremos as actuacións necesarias e a dotación de especialistas en pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, fisioterapia, psicoloxía e pedagogía, en coordinación cos servizos correspondentes da Consellería de Educación.

Melloraremos as relacións institucionais, a colaboración e a coordinación coas asociacións e colectivos interesados, en programas, propostas e servizos educativos, culturais e de tempo libre.

Propoñeremos a inclusión nos Consellos sectoriais municipais da área do social de representantes de organizacións de persoas con discapacidade e as súas familias.

## **12 Plan de mellora das instalacións educativas públicas e liñas de subvencións e apoio aos centros de ensino e á formación do profesorado**

Nos períodos de goberno municipal socialista constitúe unha das preocupacións fundamentais, para facer efectiva a calidade do ensino en Compostela, as actuacións continuas para a actualización das instalacións da rede de centros de ensino público nos niveis de educación infantil e primaria. Para o novo período, comprometémonos a continuar e mellorar a atención das obrigas municipais que temos encomendadas os concellos, para o que buscaremos a colaboración da Xunta de Galicia, e favorecer a mellora dos equipamentos dispoñibles, e, en concreto, a ampliación do Conservatorio Profesional de Música.

No mesmo senso, manteremos e traballaremos por mellorar as diversas liñas de subvención aos centros educativos públicos, ás entidades e asociacións da cidade con programas educativos e culturais e de apoio á formación do profesorado e as súas asociacións –sindicatos, asociacións profesionais e movementos de renovación pedagóxica–, tanto mediante financiación específica para as súas actividades, como a través da realización de actividades conxuntas de formación do profesorado.

**12****DEPORTE**

O deporte é unha manifestación indubidable de que unha sociedade está viva é que goza dunha excelente saúde. Por sorte para todos nós, son moitos os composteláns e compostelás, tanto nenos/as como adultos, que teñen como elemento principal do seu tempo de ocio a práctica dalgunha actividade física. Este signo inequívoco de madurez temos que tentar consolidalo coa elaboración de políticas sociais que garantan a universalización da práctica deportiva.

A pesar da manifesta diferenza que existe entre o deporte organizado e o deporte cidadán, as institucións públicas deben dar unha resposta similar ás demandas que estes dous grandes colectivos esixen. Máis e mellores instalacións, o desenvolvemento de programas de integración, mellores servizos e garantir liñas de axuda ás entidades serán, entre outros, os elementos definitorios da nosa política deportiva.

Por outra banda, temos que valorar como se merece a estreita convivencia que existe entre os conceptos de deporte e saúde. Desde numerosos foros de opinión especializada relaciónase de forma directa a práctica deportiva continuada cunha mellora notable da calidade de vida da persoa, independentemente do seu sexo, idade e condición. A actividade física, ben entendida, podemos considerala como unha das principais “medicinas” do século XXI.

Para os vindeiros catro anos son varios os obxectivos que como forza política aspiramos a poder desenvolver á fronte do goberno municipal, que procurarán converter a Santiago de Compostela nun dos referentes deportivos do noso país ao mesmo tempo que se traballará na procura de dar resposta ás demandas que a nosa sociedade reclama.

## Obxectivos estratéxicos

- 1** Iniciar un ambicioso **Plan de infraestruturas deportivas**, a concluír dentro dos próximos 8 anos, consistente na construción de novos equipamentos deportivos que complementen a actual rede municipal. Este plan mesturará a creación de innovadores contedores coa remodelación dalgunha das instalacións máis emblemáticas da Cidade.
- 2** Manter de forma decidida o **apoio ao tecido asociativo**, elemento fundamental na evolución do sistema deportivo local. Máis protagonismo e mellores condicións de traballo para o deporte base serán os piares nos que se baseará a nosa política.
- 3** **Elaborar programas marco** que faciliten o acceso á práctica deportiva regular da poboación con discapacidade, así como, daqueles sectores sociais con menos recursos. Traballaremos na procura de universalizar a práctica deportiva no seu concepto de deporte-saúde.
- 4** Diseñar unha estratexia que permita **eleva a calidade dos actuais servizos deportivos**. Este obxectivo manifestarase mediante a dotación de máis medios, máis recursos e o deseño dunha cultura corporativa que traballe para mellorar a oferta pública co fin de acadar niveis máximos de calidade.

## I. PLAN DIRECTOR DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS 2007-2015

### **1** Cidade de lecer e deportiva do Monte do Gozo

Impulso para a construción dun macrocomplexo de lecer acuático, que poderá contar, entre outros, cos seguintes equipamentos:

- Piscina
- Salas para actividades dirixidas
- Circuito termal
- Zona de solarium
- Pistas de tenis
- Pistas de padel

**2 Gran Complexo de Lecer para Nenos e Familias**  
no contorno da Estación do AVE e as Brañas do Sar.

**3 Complexo Tenístico de Cornes**

Construirase o primeiro complexo municipal dedicado ao mundo do tenis e o padel. Inicialmente está proxectada a construción dos seguintes espazos:

- Pavillón de vestiarios
- Pistas de tenis
- Pistas de padel

**4 Área Deportiva de Roxos-Villestro**

Converter o actual campo de terra nunha moderna instalación que dispondrá de herba sintética como superficie de xogo e que estará formado por:

- 1 campo de fútbol 11
- 1 campo de fútbol 7

## **5 Remodelación do Complexo Deportivo de Santa Isabel**

- a Adaptación desta infraestrutura á demanda existente, cos seguintes espazos:

Un circuíto termal

Novas salas de actividade dirixida

8 pistas de padel

4 rúas de natación para uso exclusivo dos clubs federados

- b Remodelación do pavillón polideportivo consistente en:

Construción de novos vestiarios

Reestruturación da entrada, orientando o seu acceso pola praza.

Cambio do actual parque por outro de mellores prestacións

Eliminación dunha das bancadas para dotar de maior transparencia á instalación

## **6 Campos de San Lázaro III e San Lázaro IV**

Construción de dous campos de herba sintética nas inmediacións do Estadio de San Lázaro, creándose un importante complexo futbolístico entorno ao Estadio que permitirá consolidar definitivamente a práctica deste deporte.

Inicialmente está previsto que aos actuais campos de San Lázaro I e II se unan:

1 campo de fútbol 11 de herba sintética

2 campos de fútbol 7 de herba sintética

## **7 Campos de fútbol de Lamas de Abade, Conxo e Sar**

Modernización destas infraestruturas que consistirá na substitución dos actuais campos de terra por outros de

herba sintética de última xeración que garantan o mesmo nivel de uso, pero mellores condicións na práctica deportiva.

## **8** Circuito de *KARTING* en Costa Vella

Impulso a construción dun *Karting* en Santiago de Compostela, unha das vellas aspiracións dos colectivos deportivos vinculados co mundo do motor.

## **9** Edificio Multideporte en Conxo

Nova infraestrutura polideportiva, similar no seu concepto ao actual Complexo Deportivo de Santa Isabel.

Este conxunto disporá, entre outros, dos seguintes elementos:

Zona de auga con piscina e spas

Circuíto termal

Salas de actividade dirixida

Sala de gran tamaño para a práctica de deportes colectivos.

Pistas de Tenis/padel

## **10** Estadio de San Lázaro

Redefinición de parte dos espazos actuais existentes no Estadio Municipal de San Lázaro co fin de crear contedores complementarios tales como, oficinas de uso compartido para os clubs e salas-ximnasio para o traballo específico en determinadas modalidades.

## **11** Campo de Golf en Bando

Desenvolvemento desta infraestrutura, con vocación de proxección internacional.



## 2. O TECIDO ASOCIATIVO

A nosa proposta baséase, principalmente, en dúas cuestións:

### a **Maior protagonismo**

Maior protagonismo dos clubs na vida deportiva no seu conxunto e na toma de decisións daquelas cuestións que poidan afectar de forma directa o labor que as diferentes entidades, cada unha dentro da súa modalidade, poidan desenvolver.

Complementario ao actual Consello Municipal de Deportes, propónse a celebración de mesas de traballo sectoriais por disciplinas deportivas, cunha frecuencia anual, nas que se estudarán os temas de interese e problemática de cada deporte, coa profundidade que se merece, para así consensuar decisións e poder executar as solucións que mellor se valoren polos implicados.

### b **Mellores condicións de traballo**

Posta en marcha, dun PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUA que en colaboración coas universidades, permita construír un tecido social de futuro baseado no coñecemento e na formación, e creación dunha estrutura técnica que posibilite e garanta a continuidade no tempo do cometido que está a desenvolver cada entidade.

## 3. PROGRAMAS MARCO DE INTEGRACIÓN SOCIAL

Garantir o acceso a unha práctica deportiva adecuada a todos os colectivos de poboación discapacitada e aos sectores sociais con menos recursos. Para isto é preciso deseñar programas marco que, consensuados cos sectores implicados, dean resposta ás necesidades que están a vivir unha parte significativa dos nosos concidadáns.

#### 4. NA BUSCA DA MÁXIMA CALIDADE

- 1 Programa para a detección de talentos deportivos (algo máis importante ca unhas simples becas). Intentaríase que aqueles deportistas que de forma manifesta teñan unhas características especiais tiveran ese recoñecemento social e puideran gozar de vantaxes a diferentes niveis: bolsas de estudo, para desprazamentos, de uso de instalacións, de participación en seminarios de tecnificación deportiva.
- 2 Dentro deste programa estarían as escolas de tecnificación.
- 3 Compromiso para que a cidade de Santiago de Compostela poida optar, nun prazo máximo de 6 anos, a acadar o Premio Nacional do Deporte que a distinga polas súas iniciativas no fomento do deporte, sexa na promoción e organización de actividades, sexa na dotación de instalacións deportivas.

## 13

### XUVENTUDE

Os socialistas apostamos por que os mozos teñan máis oportunidades, máis futuro, por que poidan desenvolver todas as súas inquiredanzas e capacidades e se convertan en motor da cidadanía para transformar a sociedade.

Para iso posibilitaremos a creación dun contorno urbano pensado para poder satisfacer as súas necesidades de relación social e de desenvolvemento físico e intelectual así como a posta en marcha dun conxunto de políticas municipais co obxectivo de favorecer e fomentar a súa emancipación e autonomía persoal, a solidariedade e igualdade de oportunidades e a participación social dos mozos.

Para iso promoveremos as seguintes medidas:

- 1** A elaboración e execución dun Plan Integral da Xuventude que coordine as actuacións de todas as áreas do Concello en materia de vivenda, emprego, cultura, deportes, etcétera en colaboración coa Xunta de Galicia e o Goberno central.
- 2** O desenvolvemento e potenciación de Puntos de Información Xuvenil con información especializada e actualizada así como a creación dunha *Web* específica que facilite o acceso dos mozos aos temas que máis lles afecten, especialmente no ámbito da formación, o traballo, a vivenda e a mobilidade.
- 3** O fomento do asociacionismo e do voluntariado xuvenil a través de programas e convenios concretos para a educación en valores (paz, democracia, solidariedade), o respecto ao contorno medioambiental e cultural, o fomento de hábitos de vida saudable, o acceso ás novas tecnoloxías e ao impulso da súa capacidade emprendedora.
- 4** A posta en marcha dun programa para a promoción da participación dos mozos en intercambios internacionais,

especialmente con Europa e en programas de cooperación internacional, en colaboración coa Universidade de Santiago e a Consellería de Educación.

- 5** Realización de campañas informativas de carácter educativo e preventivo relacionadas con toxicomanías, sexualidade, alimentación, seguridade viaria e prevención da violencia de xénero.
- 6** A promoción de programas de lecer e recreación deportiva as tardes-noites das fins de semana utilizando diferentes espazos públicos (polideportivos, centros socioculturais, parques, etcétera) e potenciación do transporte público nocturno co obxecto de reducir a sinistralidade. Neste marco, encadrarase a construción dun gran complexo de lecer no ámbito da Estación Intermodal, e outro no Parque de Belvís.
- 7** Profundización do abono xuvenil de transporte a través da creación dunha tarifa plana mensual que permita usar o transporte tantas veces como se queira durante un mes.
- 8** Potenciación do uso da bicicleta como medio de transporte establecendo unha rede de vías para bicicletas, que posibilite a conexión dos distintos campus universitarios e as zonas escolares, e a posta en marcha dos préstamos de bicicletas.
- 9** Impulso á formalización de convenios entre centros educativos e empresas co obxecto de fornecer unha formación práctica adecuada para os alumnos, regulada e apoiada economicamente e que facilite a saída laboral da xente nova.
- 10** Creación no seo de *EMUVISSA* dunha bolsa de vivenda en aluguer destinada a mozos menores de 35 anos, incluíndo ofertas específicas no ámbito da Cidade Histórica, con servizo de información e asesoramento na tramitación de subvencións e axudas para o acceso a unha vivenda.

## 14

### PROTECCIÓN AO CONSUMIDOR

Desde o goberno local, os socialistas asumiremos o compromiso de conseguir o maior grao de protección dos consumidores e un meirande nivel de participación das súas asociacións na vida política municipal, de forma que se respecte a soberanía dos consumidores, se atendan os seus dereitos e garantías, e se dispoña de suficientes mecanismos de control e seguridade en mans dos poderes públicos.

A complexidade de todo o relacionado co uso de servizos e o consumo de produtos e a crecente preocupación dos cidadáns nestes asuntos, converte esta área nunha actividade política transversal relacionada con moitas outras, (saúde, vivenda, transporte, etcétera). Por iso as propostas que de seguido detallamos requirirán a participación de todos os axentes involucrados e, de xeito especial, das Asociacións de Consumidores e Usuarios:

- 1** Potenciación da Oficina Municipal de Información ao Consumidor.
- 2** Creación de campañas informativas en materia de consumo.
- 3** Coordinación e apoio das Asociacións de Consumidores.
- 4** Desenvolvemento de Obradoiros, dirixidos aos alumnos dos Colexios públicos e ao conxunto da cidadanía a través dos Centros culturais municipais.
- 5** Creación dun servizo de información e asesoramento interactivo a través da *web* municipal
- 6** Posta en marcha de campañas de Inspección de Consumo en colaboración coa Administración Autonómica.

## 15

**IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES**

O municipio é a institución mais próxima á cidadanía, o que representa importantes vantaxes para establecer políticas de igualdade. En efecto, o municipio constitúe un espazo óptimo para coñecer as necesidades e recursos da poboación e, a partir dese coñecemento, elaborar políticas de igualdade efectivas. É no ámbito municipal onde é mais fácil recabar a participación e colaboración dos cidadáns, das cidadás e as entidades sociais, para o deseño de ditas políticas, a súa posta en práctica e a súa avaliación.

**Este programa ten como principios:**

**A igualdade de oportunidades:** polo que se establecen accións específicas para mulleres entendéndoas como accións positivas para a igualdade de oportunidades.

**Integración:** para o que impulsará a presenza das mulleres, en todos os ámbitos da sociedade, propiciando que homes e mulleres se integren en estilos de vida e actitudes de cooperación, compartindo responsabilidades e tarefas. En coherencia con este principio, a meirande parte das actuacións para a igualdade, irán dirixidas tanto a homes como a mulleres.

**Transversalidade:** Sempre que sexa posible, as actuacións que se acometan, desenvolveranse a través dos recursos e servizos que atenden a toda a poboación nas diferentes Unidades Municipais (formación, emprego, servizos sociais, xuventude, educación, saúde, cultura, deportes), ben de xeito integrado en programas dos que se beneficia toda a poboación, ben mediante proxectos ou actuacións dirixidas a mulleres cando se trate de dar resposta ás súas necesidades específicas.

**Colaboración interinstitucional:** As actuacións que se programen terán en conta a rede de servizos e os recur-

sos, actuacións e proxectos en materia de muller doutros organismos e institucións (Vicepresidencia, Sergas, Xustiza, Corpo Nacional de Policía, Organizacións Empresariais, Sindicatos...) en aras dunha colaboración e apoio mutuo e dunha coordinación que estimule a coincidencia de obxectivos e a economía de recursos.

**Participación social:** Para o que se potenciará a participación, a cooperación e as axudas ás asociacións de mulleres.

As estratexias que propoñemos levar adiante son as seguintes:

- 1** Propiciar a visibilidade e participación social da muller na cidade.
- 2** Favorecer a actividade laboral da muller en aras da súa meirande autonomía.
- 3** Fomentar o desenvolvemento social e cultural das mulleres.
- 4** Previr a violencia contra as mulleres e outras problemáticas sociais que as sitúan en risco de exclusión social.

## **1 Propiciar a visibilidade e participación social da muller na cidade**

**Actuacións:**

- Elaborar un sistema de indicadores, desagregados por sexo, que poidan servir para coñecer a situación da muller nos diferentes aspectos da vida municipal, social...
- Apoiar ás asociacións de mulleres, favorecendo a formación das súas asociadas e impulsando a creación dunha rede de mulleres.

- Potenciar o Consello Municipal da Muller, como órgano consultivo e asesor.
- Favorecer a difusión de información entre a poboación, en xeral, sobre actuacións e iniciativas que fomenten a promoción da muller e a igualdade de oportunidades.

## **2. Favorecer a actividade laboral da muller en aras da súa meirande autonomía**

### **Actuacións:**

- Ofrecer accións formativas que melloren as posibilidades de atopar emprego, especialmente dirixidas, a aquelas mulleres que se encontren en situación de meirande dificultade para a súa inserción (emigrantes, separadas...).
- Traballar especialmente na formación de oficios nos que a muller está escasamente representada e hai oferta laboral. Adecuar a formación ás demandas de traballo.
- Fomentar o autoemprego nas mulleres mediante accións positivas nos concursos de iniciativas deste tipo.

## **3. Propiciar recursos sociais para a conciliación da vida familiar e laboral**

### **Actuacións:**

- Servizo de Axuda a Domicilio para familias.
- Continuar coas ludotecas en períodos vacacionais.
- Consolidar o servizo de canguros para familias monoparentais, fundamentalmente.
- Apoio á custodia de nenos en horario extraescolar nos colexios da cidade.
- Colaborar e impulsar o programa de bancos de tempo



#### **4. Fomentar o desenvolvemento social e cultural das mulleres e homes, e difundir entre a poboación en xeral actitudes non sexistas.**

##### **Actuacións:**

- Fomentar a formación das mulleres en aspectos que teñan que ver cun mellor desempeño na vida diaria.
- Programas de formación para homes para a súa participación nas actividades domésticas.
- Impulsar actividades deportivas especialmente dirixidas a mulleres.
- Realizar seminarios formativos sobre iniciación a Internet.
- Erradicar a linguaxe sexista nas publicacións municipais e no deseño de impresos e documentos institucionais.

#### **5. Previr a violencia contra as mulleres**

##### **Actuacións:**

- Colaboración coas campañas institucionais para a prevención e detección da violencia de xénero.
- Formación específica dos e as profesionais dos Servizos Sociais e Policía Local para a detección e asistencia ás mulleres maltratadas.
- Establecer un protocolo de intervención diante da violencia contra a muller entre os distintos departamentos municipais (Policía e Servizos Sociais) e outras administracións (Sanidade, Xustiza, Xunta), para dar unha asistencia integral ás mulleres vítima da violencia.
- Continuar na mellora dos servizos e recursos existentes.

## **6. Apoiar ás persoas soas con cargas familiares contribuíndo á prevención de situacións de pobreza e marxinação.**

### **Actuacións:**

- Constituír un equipo multidisciplinar específico de intervención técnica para a atención integral á muller.
- Establecer un sistema de información, buscando novas vías de comunicación, para achegar os recursos e programas existentes ás mulleres que os necesitan, así como os requisitos para o acceso aos mesmos
- Analizar o perfil das demandas recollidas nos Servizos Sociais, coa finalidade de programar novas actuacións ou completar as xa existentes.
- Avaliar os programas e propoñer melloras

## **7. Medidas transversais para a mellora da atención á muller**

As políticas de igualdade son políticas transversais que afectan á meirande parte das Áreas Municipais, polo que nos propoñemos elaborar o Primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, coa participación activa de toda a sociedade.

## 16

### OS CIDADÁNS DIANTE DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

A sociedade da información constitúe un importante reto de modernidade, desenvolvemento e competitividade, pero, ao mesmo tempo, é un novo proceso xerador de desigualdades. Por iso, a acción municipal, ademais de incorporar as novas tecnoloxías á xestión municipal, o que supón non só unha oportunidade para a modernización administrativa senon que posibilita un importante cambio na relación entre os cidadáns e a Administración, abrindo paso a fórmulas novidasas de contacto, relación e democracia directa, debe contribuír a evitar a fenda dixital como proceso de desigualdade social.

Así, as administracións locais desempeñan un papel fundamental no proceso de incorporación do conxunto da poboación á Sociedade da información.

Para iso propoñemos:

- 1** Elaborar programas de formación e alfabetización co fin de facilitar o acceso a todos os cidadáns a sociedade da información, desenvolvendo actuacións concretas para discapacitados, maiores e mulleres, establecendo telecentros en lugares de atención e asociativos de estes colectivos con necesidades especiais.
- 2** Impulsar medidas de acceso á rede en todo o termo municipal de Santiago, a través de tecnoloxías sen fíos, mediante a extensión paulatina da rede *wimax* e o establecemento de convenios de cooperación cos operadores.
- 3** Incorporarse ao programa de Cidades Dixitais e Cidades Singulares impulsado polo Ministerio de Industria para posibilitar o desenvolvemento de proxectos de administración electrónica e de pulo da Sociedade da información.

- 4 Ampliar a dispoñibilidade de servizos de banda ancha á totalidade do territorio, poñendo estes servizos a disposición de todos os cidadáns, mesmo aqueles que se atopan fóra do alcance as solucións comerciais habituais.
- 5 Dotar os centros socioculturais xa existentes dos recursos necesarios para que se poidan utilizar como medio para achegar os servizos públicos ao cidadán e como escenarios para a formación en TIC e a promoción do uso das novas tecnoloxías.

## 17

### **SANTIAGO DE COMPOSTELA, MUNICIPIO SOLIDARIO E INTEGRADOR**

Santiago de Compostela non pode, nin quere permanecer á marxe da cooperación e a colaboración para loitar contra a pobreza e a desigualdade no mundo. Cremos que un mundo mais xusto e mais solidario superará con máis facilidade os grandes retos se formula a Humanidade, entre outros, os relacionados coa seguridade, a paz e a estabilidade política e social dos pobos e cidades.

Neste sentido, desde o goberno municipal queremos liderar a crecente actividade solidaria da sociedade civil e ofrecer un novo marco institucional para canalizar e coordinar estas iniciativas de tal modo que se posibilite a maior eficacia dos recursos e tamén a máis correcta utilización dos mesmos.

Para iso impulsaremos as seguintes actuacións:

- 1** Desenvolver unha acción específica a respecto dos emigrantes galegos no exterior:
  - a Potenciando os Convenios de Colaboración coas asociacións de emigrantes composteláns no exterior para a avaliación das súas necesidades
  - b Impulsando a información sobre as oportunidades de emprego, servizos sociais, vivenda, etcétera a través da *web* municipal e dalgún medio específico e periódico.
  - c Facilitando axudas específicas para situacións extremas e de emerxencia que poidan formularse para familias ou institucións compostelás no exterior.
- 2** Propiciar o establecemento dun Pacto pola Solidariedade e a Cooperación, a nivel municipal, baseado no consenso e a colaboración entre todos os actores políticos,

sociais e de cooperación municipal que finalice nun Plan Local de actuación coordinado cos restantes ámbitos territoriais.

- 3** Constituír un consello local de Cooperación no que estean representadas as ONGD locais e a sociedade civil a través das súas diversas formas asociativas, con funcións de asesoramento, coordinación, seguimento e sensibilización da cooperación local.
- 4** Orientar as prioridades sectoriais da cooperación ao desenvolvemento cara os campos da saúde, a educación, os servizos sociais básicos e a recuperación do patrimonio, así como a prioridade xeográfica cara a África e Iberoamérica.
- 5** Fortalecer e impulsar as redes de municipios solidarios, tanto a nivel de Galicia, como noutros ámbitos na perspectiva de maiores niveis de cooperación.
- 6** Constituír irmandamentos como instrumentos de intercambio e transferencia de capital humano, de potencialidades de desenvolvemento e de experiencias de goberno, achegando medios e efectivos humanos provintes da acción cidadá e do propio Concello ou das empresas de servizos.
- 7** Promover iniciativas de sensibilización social e de educación para a cooperación e o desenvolvemento, especialmente no ámbito da xuventude, e en colaboración cos Centros educativos e institucións sociais.

Pero unha forma cada vez máis necesaria para o desenvolvemento da solidariedade é crear unha actitude integradora para os inmigrantes que veñen residir e traballar na nosa cidade. A profunda vinculación de Galicia co fenómeno da emigración, esixe de nós unha especial sensibilidade de cara aos inmigrantes que agora ven a nosa sociedade como unha oportunidade de progreso.

Por iso, propoñemos:

- 1 A participación concertada do Concello nos programas do Estado do Fondo de Apoio á acollida e integración de inmigrantes.
- 2 Desenvolver un Plan Estratéxico local de Convivencia e Inmigración, e crear un Foro municipal de inmigración, como espazo que fomente a participación cidadá dos inmigrantes na vida municipal.
- 3 Racionalizar e modernizar os mecanismos de coordinación institucional coa Xunta e as outras institucións do Estado en materia de inmigración.

## 18

### COMPOSTELA, UNHA CIDADE PARA A CULTURA E O COÑECEMENTO

O mundo cultural é plenamente participe do proceso de globalización, e así, as relacións establecidas nun marco mundial polarízanse cada vez máis entre áreas urbanas, que concentran os recursos, os poderes e os homes. Por iso, hoxe a cultura é unha peza esencial no desenvolvemento urbano contemporáneo.

Os factores máis determinantes que conforman a posición e o potencial dunha cidade nese contexto son, substancialmente, os seguintes:

- a A determinación do seu “rango territorial”, é dicir, a vontade urbana de fixar as súas aspiracións de se proxectar nun determinado contorno.
- b As infraestruturas físicas e tecnolóxicas.
- c O cadro institucional e a interacción do público e do privado.
- d A produción e a oferta cultural, e,
- e A posición no campo da produción científica e da aprendizaxe.

Para enfrontar estes factores que marcan o desenvolvemento de Compostela como espazo para a cultura e o coñecemento, nos vindeiros anos vai ser esencial a relación que se estableza entre a cidade propiamente dita e a Cidade da Cultura. Por iso, malia a Cidade da Cultura ser un proxecto responsabilidade da Xunta, o Concello debe analizar os efectos do mesmo na súa acción e política cultural.



Con esta referencia, as nosas propostas son as seguintes:

### **a Sobre o rango**

A Cidade da Cultura vai esixir un cambio de escala no plano de captación de usuarios directos da cultura de Compostela, tanto dende o punto de vista da intensidade no plano interno da comunidade autónoma, como no da extensión territorial. Para iso, propoñemos que a acción cultural e de fomento do coñecemento da cidade nos vindeiros anos vaia dirixíndose a un incremento da significación supralocal e rexional dos programas, co obxecto de ir consolidando os atractivos de Compostela cara ao futuro. Nese cadro, o rol a xogar polo Xacobeo 2010 debe ser determinante, aproveitando os recursos extraordinarios que concita ese evento para aplicarlos á estratexia do incremento do rango da relevancia cultural de Compostela.

### **b Infraestruturas físicas**

En Compostela viron a luz os primeiros grandes contedores culturais de Galicia (o Auditorio, os Teatros, o Pazo de Exposicións e Congresos, o Multiusos do Sar, o Centro Galego de Arte Contemporánea) e tamén xerminou unha das mellores redes de centros socioculturais de barrios para achegar a cultura a todos os cantos do concello pero sobre todo, Compostela mostrou ao mundo que nunha cidade pequena, das que antes chamaban de provincias, un cidadán podía xa gozar dos grandes eventos culturais que se producían en calquera gran cidade do mundo.

No desenvolvemento das infraestruturas e equipamentos en anos pasados só se produciu unha carencia aínda non resolvida, relativa ás infraestruturas de produción (polos de desenvolvemento artístico, tecnolóxico e industrial, como factorías culturais).

A Cidade da Cultura, dende este punto de vista, debería contribuír á solución desas carencias, pero formula o reto

da reconfiguración de toda a infraestrutura preexistente sobre a cal produce duplicidades (infraestrutura teatral, musical, bibliotecaria e museística), e tamén o da integración no cadro urbano dese proxecto, evitando o risco da conversión de Compostela no espazo en que se produce a loita entre dous polos temáticos, a Cidade da Cultura e a Catedral, é dicir, no baleiro cultural da cidade. Para iso, propoñemos unha progresiva acción de redefinición dos espazos e infraestruturas culturais da cidade para procurar, no momento de posta en funcionamento pleno da Cidade da Cultura unha actuación coordinada e eficiente de complementariedade. Para iso é moi importante analizar as posibilidades de relación das infraestruturas da cidade e a Cidade da Cultura, para o desenvolvemento futuro de proxectos conxuntos ou coordinados.

Neste sentido, será indispensable prever un bo sistema de transporte público especializado entre a Cidade Histórica e a Cidade da Cultura, relacionado co punto estratéxico que vai ser a estación Intermodal (ferroviaria-autobuses).

### **c Infraestruturas tecnolóxicas: o virtual**

Un campo no que Compostela aínda non desenvolveu as infraestruturas necesarias para a acción cultural moderna é o das tecnoloxías da información e da comunicación.

Neste eido, a Cidade da cultura pode ser un revulsivo para a acción urbana, que debe pivotar sobre dous eixes fundamentais:

- A A educación para as tecnoloxías, que vai requirir a creación dun parque municipal de mediatecas e aulas ciber, así como dun portal de internet, que indo máis alá da actividade administrativa, se converta nun referente para a formación e o uso da cidadanía, así como nun instrumento determinante para o apoio aos centros educativos da cidade, por medio da posta en marcha dun proxecto de Rede Educativ@ de Compostel@.

- B A presenza de Compostela na Internet. Para que esta sexa coherente coa relevancia da cidade, ademais de completar a rede de servizos que unha web institucional moderna debe poñer a disposición dos usuarios, deberá converterse nun portar temático, é dicir, un portal de referencia para unha actividade. Esa actividade parece que debería ser a xestión, defensa, rehabilitación e posta en valor do Patrimonio Histórico e, integrándose coa Universidade, a evolución e servizos do ensino superior e da investigación científica.

#### **d O modelo institucional e a cooperación do público e do privado**

No plano institucional, a cultura da cidade debe fomentar a participación dos distintos sectores, para o cal se propoñe a creación do Consello Municipal de Cultura.

Por outro lado, a presenza do privado no desenvolvemento cultural da cidade non pasou, ata o momento, de se limitar ao campo dun mecenado financeiro de carácter local, ao recente asentamento de sés de Fundacións de Caixas de Aforro e ás iniciativas de creadores e emprendedores locais, necesitadas de apoio público. O gran patrocinio privado estivo ligado a políticas públicas de exencións fiscais en eventos como Anos Xubilares ou a Cidade Europea da Cultura, e a penetración das accións de promoción privada en gran escala foron inexistentes. Por iso, propoñemos a elaboración dun plan municipal de cooperación privada no desenvolvemento cultural da cidade, que poida, no seu momento, servir para dar base a unha acción de financiamento da acción cultural da intensidade que vai requirir a estrutura dupla: Cidade de Santiago, Cidade da Cultura. Tamén neste caso, o Xacobeo 2010 debe usarse para tecer acordos estables de cooperación público-privada.

## **e Producción e oferta cultural**

Os eixes sobre os que Compostela acadou unha posición relevante no mundo cultural nos últimos anos foron esencialmente dous:

**A cultura do patrimonio histórico e a produción de eventos culturais de relevancia internacional.**

En efecto, o patrimonio e o medio ambiente non son só cuestións infraestruturais ou urbanísticas. Son, esencialmente, un elemento constitutivo da cultura. Así, o desenvolvemento das políticas de planificación urbana e rehabilitación do centro histórico tiveron un eco fundamental na posición de Compostela no mundo internacional da cultura. Sen embargo hai varias accións, moitas delas xa colocadas en axenda política, que deberán desenvolverse para consolidar esa posición.

Así, o Museo de Santiago e das Peregrinacións debe configurarse como o grande proxecto cultural do ano 2010, anticipándose a apertura da Cidade da Cultura. Como actividades a integrar no desenvolvemento do citado Museo, Compostela debe sistematizar o seu valor como laboratorio de coñecemento da práctica patrimonial e ambiental, por medio de masters e cursos, en relación coa rehabilitación e outros elementos asociados; impulsar un concurso internacional iberoamericano de intervencións sobre o Patrimonio Histórico, xa previsto na programación plurianual do Consorcio para o período 2007-2010 en colaboración coa Axencia Española de Cooperación Internacional e a Cooperación Galega, e, por fin, co desenvolvemento dun Centro de Referencia Estatal en materia de Patrimonio Histórico, como o xa programado polo CSIC e a Xunta.

No outro plano, Compostela ten unha grande oportunidade para reforzar o seu papel no contorno cultural ibérico e internacional por medio dunha secuencia regular de

festivais, aproveitando iniciativas existentes, incipientes ou que existiron, e que son peza fundamental para o desenvolvemento e sostibilidade turística.

O encaixe destas iniciativas entre a infraestrutura cultural urbana e a propia Cidade da Cultura vai ser, ademais, fundamental para resolver o problema da súa complementariedade.

A estes efectos, cómpre salientar as potencialidades das experiencias de Cineuropa, o festival internacional de curtametraxes Curtocircuíto, do Festival Compostela Millenium ou do de Música Contemporánea; o recentemente implantado Festival de Músicas Contemplativas, a posibilidade de crear un Festival Internacional de Teatro, centrado no campo iberoamericano e na figura de Valle Inclán; a potenciación de Música en Compostela, cursos internacionais de fonda raizame en Compostela; a posibilidade de consolidar festivais nados de iniciativas de salas alternativas locais, como o Festival de Danza de Rúa (En pé de pedra), o Festival Alternativa, o Festiclown ou o Festival de Maxia. Finalmente, debería promoverse a existencia dunha Feira en materia de artes plásticas, en colaboración cos galeristas e co CGAC, e estudar a posibilidade de celebrar algún evento de relevancia arredor do mundo da Moda e o deseño.

Cómpre, igualmente, reforzar a conexión entre a Real Filharmonía de Galicia e a Escola de Altos Estudos Musicais, e destas coas estruturas de ensino regrado da música, para que Compostela dispoña dun peso no campo das ensinanzas musicais acorde á relevancia dos seus recursos.

Pero, ademais, debería ser totalmente prioritario abordar un proxecto de factoría cultural, que facilitase locais de ensaio, talleres de plástica para artistas, residencias, mediatecas, leasing de ferramentas de produción cultu-

ral, espazos para cursos de formación e especialización, integración no proxecto das axudas a entidades culturais tradicionais, extensión das accións de divulgación cultural a cargo dos propios artistas, etcétera.

No mesmo contexto de consolidar a cidade como centro de produción cultural están iniciativas como a Cidade do Audiovisual, entendida como un polo de carácter industrial ligado ás infraestruturas de medios de comunicación públicos e privados.

No campo da produción cultural, o Xacobeo 2010 debería permitir lanzar e consolidar as iniciativas sinaladas e, especialmente, o Festival Internacional de Teatro “Valle Inclán”, así como o desenvolvemento dun proxecto cultural de alto nivel para o mes de agosto.

## **f A posición no campo da produción científica e da aprendizaxe**

### **Cidade e Universidade no espazo universitario europeo**

No ano 2010 Europa vai implantar un Espazo Universitario Europeo, no que é esencial que a nosa Universidade xogue un papel activo, para o cal está excepcionalmente ben situada, dada a súa traxectoria histórica e a rede universitaria europea a que deu lugar –a rede Compostela de Universidades–.

Para iso, será necesario que a institución conte co apoio de todos os sectores implicados, para o que pode ser necesario crear unha agrupación de intereses, coa forma xurídica que se considere máis acaída, que busque o IMPULSO da USC, constituída en todo caso pola USC e o Concello, aberta a participación doutras institucións.

Os obxectivos xenéricos desa agrupación de intereses serían crear sinerxías entre a cidade de Santiago de Compostela e a USC no plano estatal e internacional, e visuali-

zar mellor e reforzar a presenza urbana da USC na cidade. Para iso, deberían establecer acordos de colaboración nas seguintes materias:

### **En relación cos campus**

- Mobilidade nos campus: seguimento e análise da situación do transporte en cada campus.
- Planificación e ordenación dos aparcadoiros: execución de vieiros e actuacións de reurbanización.
- Acondicionamento de zonas peonís e establecemento dun carril bici.
- Promoción do transporte público.
- Promoción da biodiversidade nos campus. Deseño de novas áreas e selección de especies mais axeitadas.

### **En relación coa cidade**

- Oferta cultural e de ocio.
- Vivenda: catálogo de pisos con mención de calidade publicitada dende a USC.
- Facilidades para o estudante: ofertas comerciais vantaxosas asociadas á identificación como membro da USC.

### **En relación coa proxección da USC na cidade**

- Promover, de mutuo acordo unha mellor sinalización dos campus: vallas publicitarias nas entradas das cidades e sinalización direccional.
- Aproveitar a marca “Santiago de Compostela” como atributo de proxección da USC: Santiago de Compostela, cidade universitaria. Definir unha proxección internacional conxunta da Universidade e a cidade, pactando a promoción conxunta en foros exteriores

- Accións impulsadas no cadro do Consello da Capitalidade, para proxectar a Casa de Europa ou o Grupo Compostela.
- Fomento de actividades de divulgación científica de alto nivel, como as previstas no cadro do Programa ConCIENCIA, impulsado polo Consorcio coa colaboración da USC.

### **En relación coa difusión da oferta de ensino e investigación**

- Coordinación e vinculación das webs das entidades participantes
- Presentacións conxuntas en centros de ensino medio
- Acción coordinada en xornadas de promoción (reunión de cidades universitarias: Bolonia, Salamanca, etcétera; cidades de congresos; Feiras do ensino e Feiras de turismo)

### **En relación co desenvolvemento dos novos equipamentos e servizos universitarios, e de investigación e desenvolvemento**

- Acelerar a realización do Parque Científico-Tecnolóxico de Santiago para posibilitar a implantación de empresas que, utilizando a interacción cos departamentos universitarios, ofrezan produtos de alto valor engadido. Con este fin demandarase da Xunta de Galicia, e en particular da Consellería de Vivenda, que revise a data de 2010 para a súa realización.
- Apoiar o Campus de Ciencias da Saúde, facilitando todos os trámites para que a súa construción sexa unha realidade o máis axiña posible.



- Apoiar a implantación en Santiago de Centros de Investigación de referencia, de tal xeito que Santiago de Compostela sexa unha referencia da investigación europea. En especial, facilitarase a realización do Instituto Mixto de Investigacións de Biotecnoloxía, no que participa a Xunta de Galicia, o CSIC e a USC, a potenciación do Centro de Supercomputación e modelización matemática, creado pola Xunta e o CSIC, e o Centro de Investigación do Patrimonio, creado pola Xunta e o CSIC. Igualmente, facilitarase e apoiarase a posible creación doutros Centros de Investigación que teñen en estudo diversas administracións (Xunta de Galicia, MEyC, Ciemat...)

## 19

### **O SISTEMA INTEGRADO DE CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DA CIDADE HISTÓRICA**

Compostela está en óptimas condicións para acadar a conformación dun sistema integrado de conservación e posta en valor da cidade histórica que pivote sobre estes eixes:

- Un sistema de conservación do patrimonio construído.
- Un plan de dinamización de usos.
- Un programa de actualización das dotacións de servizos urbanísticos da Cidade Histórica.
- Un programa de conservación e mellora dos espazos públicos.

#### **a. O sistema de conservación do patrimonio construído**

Ata o momento, a acción pública sobre a renovación urbano das cidades históricas caracterizouse por un programa de subvencións. Aí púxose o acento en termos xurídico-normativos. No caso de Santiago, agora pretendemos ampliar o conxunto de axudas, que xa non só se dirixen á rehabilitación, senón ao mantemento, á intervención sobre elementos catalogados, ou a elementos complementarios coordinados con actuacións da administración en espazos públicos, ao financiamento total da rehabilitación a cambio da constitución dun usufruto a favor da administración para esta poder desenvolver programas de aluguer social, etcétera. Ese amplo abano de axudas demanda unha estrutura xurídica de coordinación, ás veces non doada dada a diversa natureza e orixe dos recursos e dos procedementos.

Non obstante, na experiencia de Santiago, a achega máis efectiva para a construción do sistema estivo na posta a

disposición da xente dun equipo de profesionais que respondera en termos técnicos ás necesidades dos residentes. Queremos insistir nesa idea para conseguir un doado artellamento do sistema.

### **Por iso, propoñemos:**

- 1** Converter nun dereito perfecto o asesoramento dos técnicos en relación cos edificios. Ese asesoramento –asegurado en termos universais, é dicir, para toda a poboación do ámbito do Plan Especial– terá unha extensión temporal indefinida e artellarase en tres compoñentes de cara ao beneficiario:
  - a Diagnose do estado do edificio e proxecto técnico das intervencións a acometer nel segundo a lóxica dun ciclo de rehabilitación, renovación e mantemento da edificación.
  - b Información e asesoramento continuo das axudas dispoñibles para as intervencións máis aconsellables en cada momento.
  - c Apoio aos particulares para a posta en uso do edificio con retornos de rendemento.

De cara á administración, esa actuación terá por obxecto:

- a Coñecer e supervisar tecnicamente o estado de conservación da e uso da cidade histórica.
  - b Fornecer de información para a elaboración de programas específicos de axudas.
  - c Orientar as axudas na dirección máis aconsellable para o obxectivo xeral de conservación e uso da cidade histórica.
- 2** A vinculación entre o asesoramento e as axudas establecerase pola existencia dunha cédula de inclusión no sistema público de axudas á conservación de edificacións

da cidade histórica, renovable cada 10/12 anos. Esa cédula, partindo dun informe 0 sobre o estado e usos da edificación no cal se avalíen unhas previsións financeiras e de intereses do propietario (para alugala, reformala, etcétera.), permitirá que o particular que se acolla ao asesoramento quede integrado nun sistema de homologación administrativa, que implicará a recepción de informes periódicos da Oficina Técnica que fixen e validen as necesidades de actuación nas edificacións de acordo co ciclo de rehabilitación e mantemento, no cal a administración se comprometerá a facer unha achega financeira dunha porcentaxe a determinar sobre un importe máximo anual de gasto autorizable. Eses informes darán lugar, directamente, ao acceso ao sistema de axudas, aforrando documentación e trámites.

A cuantificación do importe de gasto público anual dimensionarase en base a tres bloques:

- O primeiro, os recursos para rehabilitación e renovación, que serán equivalentes ás axudas actuais do plan de vivenda.
- O segundo, os recursos para mantemento, estimados en base a tres variables: orzamento protexible, porcentaxe de participación da administración no financiamento das actuacións, e porcentaxe de edificacións, medida en termos de vivenda e locais, que se integren no sistema.
- O terceiro, os recursos para axudas ás edificacións non incluídas no sistema, que accederán a elas nunha quenda específica de concorrencia, e cunha dimensión financeira específica.

## **b. Un plan de dinamización de usos**

- 3** Afondarase na implantación do programa de edificios tutelados –no que os particulares beneficiáanse dunha rehabili-

tación integral financiada pola administración a cambio da cesión en usufruto a esta dos edificios para a súa inclusión nun mercado público de aluguer-, e desenvolveranse iniciativas de bolsas de aluguer que incentiven as axudas á rehabilitación de vivendas (e non só de edificios).

- 4** No que atinxe a locais en planta baixa, as axudas públicas á rehabilitación cada vez máis terán que ligarse co uso. Para iso, cómpre, xa que logo, dispoñer dun instrumento xurídico que alicerce o sistema de axudas. Ese instrumento debe ser unha ordenanza de usos a fomentar en baixos da cidade histórica, de conformidade cun mapa de usos preferentes. A construción dese mapa basearíase nun modelo conceptual e cultural de preservación funcional da cidade histórica.

Só os usos incluídos na ordenanza serían obxecto de axuda, con independencia de que a normativa urbanística posibilita autorizar outros non preferentes (que xa non serían fomentados).

As axudas a locais poderán consistir, en base a eses usos, en axudas á posta en funcionamento de locais, ben por establecer un operador que alugue aos particulares, de conformidade cun certo valor de mercado, e realugue a prezos máis baixos a negocios ou iniciativas de interese, ben por ligar directamente a subvención de rehabilitación aos usos definidos como preferentes.

- 5** Para estes programas, é indispensable a cooperación no sistema de conservación da cidade histórica de operadores de uso (tipo *EMUVISSA*, ou Sociedades públicas de Aluguer).
- 6** Impulsarase a negociación cos titulares de edificios dotacionais (especialmente eclesiásticos) que teñan índices de desocupación que fagan perigar a súa conservación, de plans de usos compatibles cos actuais e coa súa natureza específica.

### **c. Un programa de actualización das dotacións de servizos urbanísticos da Cidade Histórica**

Este programa procurará a incorporación paulatina de servizos aínda non dispoñibles, e a reposición e actualización dos xa consolidados, de xeito compatible coa política de conservación xeral da cidade histórica.

Para facer viable o programa, daráselle corpo institucional á mesa técnica de operadores de servizos urbanísticos na cidade histórica impulsada nos últimos tempos dende o Concello e o Consorcio.

### **d. Un programa de conservación e mellora dos espazos públicos**

Proseguirase na actuación de conservación e mellora de espazos públicos no centro histórico, en estreita colaboración entre o Concello e o Consorcio da Cidade de Santiago.

## 20

### UNHA APOSTA POLA XESTIÓN PÚBLICA: O NOVO GOBERNO LOCAL E A NOVA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL.

A mellora da xestión municipal vai artellarse a través das seguintes **MEDIDAS**:

- 1** Definición das **Cartas de Servizos** na que se explicitarán os compromisos que o concello adquire cos cidadáns. Esta será unha ferramenta esencial que permitirá coñecer os efectos e os resultados das intervencións no ámbito local. A carta de servizos permitirá concretar os servizos que o concello presta, os dereitos dos cidadáns e a súa participación, os compromisos de calidade que o concello vai a adquirir, os niveis de calidade esixibles así como os seus indicadores. A través da realización de enquisas de calidade garantirase a participación dos usuarios dos servizos.
- 2** Camiñar cara a creación dunha **Área de Atención ao Cidadán** que se configure como a toma de contacto do cidadán co concello, prestando especial atención á información sobre os servizos, actividades que se organicen ou impulsen dende o concello para o que será preciso dotarse das ferramentas que o permitan.
- 3** A implementación de **Sistemas de Xestión Informatizada de Expedientes** que faciliten o acceso a tramitación administrativa que irá acompañada dunha racionalización dos procedementos que ocupan a vida municipal. Isto permitirá reducir os prazos, facilitar a relación dos cidadáns co concello a mesmo tempo que ofrecer información do estado dos mesmos. A elaboración de manuais de procedemento posibilitará a orientación da xestión de cara ao cidadán así como permitirá racionalizar os procesos e orientalos cara a optimización do gasto público.

- 4 A ventanilla única** que permita a simplificación das relacións do cidadán coa organización municipal así como acercar a administración ao seu entorno. O seu obxectivo principal será a integración daqueles trámites administrativos nos que interveñen varias unidades facilitando a relación dos cidadáns coas mesmas.
- 5** A consolidación do **portal web do concello** como ferramenta que garanta a publicidade e a transparencia na xestión, e actúe como elemento básico de relación entre a cidadanía e o concello. As accións formativas encamiñadas a facilitar o coñecemento e o acceso á sociedade da información dos veciños farán posible que o achegamento das novas tecnoloxías permita acadar a accesibilidade local .
- 6** A implantación do **portal do cidadán**, no que internet será o medio de comunicación para facer un seguimento dos asuntos que ao cidadán lle importan así como recoller ou achegar a información que o concello precise. Co obxectivo de contribuír a modernización da xestión e dos servizos prestados polo concello, propoñémosnos por en funcionamento un novo sistema de información que permita ir substituíndo paulatinamente a presenza física polo acceso a través de redes de telecomunicación.
- 7** Impulsaremos a elaboración do **Estatuto de veciño** que permitirá sistematizar o conxunto de dereitos e deberes que os veciños de Santiago teñen fronte ao Concello. Darémoslle especial relevancia ao dereito a información, á simplificación administrativa, á axilidade e a axuda que se prestará por parte dos servizos municipais así como garantiremos o dereito de participación que os cidadáns teñen.
- 8** A avaliación dos servizos que presta o concello de xeito que se chegue as **certificacións de calidade segundo as normas ISO**. Este proceso persigue o obxectivo esencial de mellora continua e revisión permanente dos



servizos que se prestan aos cidadáns incrementando os niveis de calidade ata alcanzar os estándares de recoñecido prestixio nacional e internacional co fin de conseguir unha administración máis áxil elevando os graos de eficiencia e eficacia na prestación dos mesmos.

- 9** A implantación da **tarxeta do cidadán** que facilite os trámites e actúe como documento identificativo, que permita a consulta de expedientes en curso, o pago de servizos e impostos ou outras xestións que permitirán aforrar tempo. Este é un compromiso de calidade e de modernización dos servizos públicos para que os veciños sintan que a administración municipal funciona de xeito áxil e eficaz.
- 10** Actuar como **catalizador de xestións administrativas** entre outras administracións que faciliten aos cidadáns a realización dos trámites precisos para a posta en marcha de proxectos radicados na cidade a través da sinatura de convenios de colaboración que así o permitan fomentando a cooperación institucional. Especial relevancia terá o impulso as relacións intermunicipais e supramunicipais que incrementarán a colaboración e a coordinación con outros entes.
- 11** Creación do **Tribunal económico-administrativo**, como órgano especializado que permitirá o coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos tributarios que sexan da competencia municipal. Dotarase a este órgano de competencias para a elaboración de estudos e capacidade de propostas en materia tributaria.
- 12** **Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións.** A posta en marcha da comisión especial garantizará a defensa dos dereitos dos veciños e permitirá supervisar a actividade da administración detectando deficiencias no seu funcionamento, así mesmo terá capacidade para impulsar iniciativas destinadas a mellorar os servizos públicos.

- 13 Concentración física dos servizos administrativos** do concello que actúe como punto de encontro cos cidadáns onde se dea apoio profesional e especializado orientado a satisfacer as necesidades dos nosos veciños.
- 14** Creación da **Oficina de Control Orzamentario** como un órgano dependente do Pleno que estará a disposición de todos os concelleiros co fin de ter coñecementos en tempo real do gasto e do estado de execución do presuposto municipal. Será o instrumento que permita avaliar economicamente as distintas propostas así como os procesos de contratación e as concesións administrativas co obxectivo de xestionar mellor o gasto municipal.
- 15** O desenvolvemento das funcións de natureza **económico-financieira e orzamentaria, as de xestión tributaria así como as de control e fiscalización**, farán necesaria a creación, dentro da estrutura administrativa municipal dos órganos que posibiliten axustar a súa xestión aos criterios de estabilidade orzamentaria, a un tratamento integral do sistema tributario municipal e a diferenciación das funcións de contabilidade e da fiscalización.
- 16** Establecer unha acaída **administración da información** derivada dos procesos administrativos, que permita unha explotación estatística dirixida a un bo coñecemento da realidade do municipio e a súa evolución.

## 21

### **A PARTICIPACIÓN CIDADÁ: EIXO ESTRATÉXICO DA POLÍTICA LOCAL**

Os cidadáns deben ter unha maior relevancia na vida municipal. Unha democracia de calidade é aquela que é capaz de sumar ás persoas nas decisións municipais a través dun bo proceso de deliberación e participación. De aí o noso compromiso de gobernar para as persoas e con elas establecendo como obxectivos esenciais para o bo goberno local a construción dunha sociedade civil, dinámica e plural, con cidadáns informados, activos e responsables; un concello forte, intelixente e dialogante e, finalmente, un equipo de xestores e empregados públicos ben formados e motivados para ofrecer os mellores servizos á cidadanía simplificando procedementos acurtando prazos.

Fomentaremos unha Administración eficaz, intelixente, dialogante, que implique, xestione e decida cos e coas cidadáns, facilitando os canles e os medios. Potenciaremos un novo concepto de cidadanía, que inclúa non só dereitos e deberes, senón tamén responsabilidade, cooperación e participación que forxe a base dunha verdadeira sociedade civil democrática.

Para iso, propoñemos:

- 1** Potenciar a representatividade dos órganos de participación cidadá existentes: Consello Económico e Social e Consello de Relacións Veciñais.
- 2** Unha maior transparencia na vida pública municipal a través da creación do Rexistro de Intereses, a clarificación e aplicación do réxime de incompatibilidades e a posta en marcha dunha Oficina orzamentaria.
- 3** Dinamización dos Consellos Asesores Sectoriais a través da constitución de grupos de traballo creados en torno a proxectos concretos.

- 4 Impulso a unha maior intervención cidadá na xestión dos servizos municipais descentralizados a través da participación institucional cidadá e de usuarios nos órganos municipais encargados da súa xestión e prestación, especialmente nos relacionados co transporte urbano, benestar social, turismo e deportes, medio ambiente.
- 5 Posta en marcha dun foro municipal de debate sobre o estado da cidade que contribúa a unha maior democratización e a un incremento da confianza dos cidadáns.
- 6 Elaboración dun Plan de formación e educación cívica baseado en valores democráticos e constitucionais con especial atención á infancia e xuventude.
- 7 Maior participación veciñal, a través do Consello de Relacións Veciñais, na elaboración do Plan de Actuación Municipal (PAM).

## 22

### FACENDA MUNICIPAL

O diñeiro público e a xestión do gasto municipal deben orientarse cara a mellora das condicións de vida dos cidadáns, priorizando o interese xeral e respondendo ao noso profundo compromiso cos valores da igualdade e a solidariedade. Neste sentido, desde a defensa do sector público como garante dos intereses colectivos, promoveremos unha xestión eficiente e transparente dos recursos públicos que contribúa ao desenvolvemento integral da cidade, fortalecendo e diversificando o seu tecido social e económico, xerando novas fontes de ingresos, aproveitando racionalmente os recursos naturais e culturais do municipio e xestionando optimamente o patrimonio municipal.

Nesta perspectiva, propoñemos as seguintes medidas e actuacións:

- 1** Continuar co proceso de saneamento financeiro iniciado no 2004 para proceder á súa finalización, mediante unha política de contención do gasto e unha boa xestión de cobros, sen que implique unha diminución na capacidade de actuación municipal para facer fronte aos retos e necesidades da cidadanía.
- 2** Maior orientación da fiscalidade e o gasto público municipal cara ao desenvolvemento económico selectivo en sectores de interese estratéxico para Santiago, propiciando bonificacións fiscais naqueles casos que así o precisen.
- 3** Introducción de criterios de Responsabilidade social empresarial (RSE) e códigos éticos de conduta tanto nos procesos de contratación pública como nas empresas e organismos públicos locais, especialmente nos ámbitos de prácticas ambientais, igualdade de xénero e accións sociais e solidarias.

- 4 Redución do número de Ordenanzas fiscais municipais e das diferentes figuras tributarias en orde á súa meirande simplificación.
- 5 Incrementando o número de bonificacións municipais ás familias atendendo a: número de fillos, discapacitados e maiores ao seu cargo, en función dos niveis de renda, etcétera.
- 6 Modernización da xestión dos ingresos municipais:
  - a. Implantación dun sistema de calidade aprobando unha carta de servizos.
  - b. Ampliación e mellora dos servizos de atención ao contribuínte:
    - potenciando a atención de forma personalizada, mediante a implantación do servizo de cita previa.
    - potenciación da atención “multicanle” telefónica, mediante a web municipal, e a través dos novos sistemas como o teléfono móbil ou a televisión dixital terrestre.

- c Facilitar a xestión e evitar os custos indirectos:
  - Xestión, domiciliación, cálculo e pago de impostos desde o propio domicilio do contribuínte a través de web do Concello.
  - Creación da “conta tributaria local” co obxecto de que os impostos e taxas se poidan pagar de maneira fraccionada.
  - Potenciar a domiciliación bancaria.
- d Potenciación dun servizo de xestión catastral propiamente municipal implementando unha base de datos gráfica e un Punto de Información catastral (PIC) coa finalidade de xestionar con rapidez e claridade todo o relativo ás situacións catastrais do cidadán.





**PROPOSTAS  
MÁIS DESTACADAS**

Os grandes proxectos asociados a este programa, e que cómpre concretar e desenvolver, son os seguintes:

## GRANDES OBXECTIVOS

- 1a** Ampliación do ámbito da cidade declarado pola UNESCO Patrimonio da Humanidade.
- 1b** Relevancia e calidade do Xacobeo 2010

## PROXECTOS INSTITUCIONAIS

- 2** Creación dos institutos municipais de Benestar Social e Desenvolvemento Económico.
- 3** Acción exterior municipal

## NOVOS PROGRAMAS

- 4** Dinamización e activación dos Parques.
- 5** Plan de aforro enerxético e de luz.

## VIVENDA

- 6** Programa de vivenda (o ensanche norte: 60% VPO)

## EQUIPAMENTOS

- 7** Grandes Equipamentos de Lecer (Sar-Estación; Centro Histórico: Belvís)
- 8** Cidade deportiva no Monte do Gozo, Centro Termal, Praia fluvial (Berdía/Chaián), Parque Deportivo Universitario de Poza de Bar, Piscina/equipamento deportivo metropolitano no Sur (Conxo), Campo de Golf.
- 9** Circuitos ambientais (Pedroso, Sar, Sarela, Rocha, Botánico)/ Corredor ferroviario Sar-Estación de Sigüeiro.
- 10** Equipamentos sociais, especialmente para a terceira idade: (Galeras); Hospital de Crónicos en Conxo.
- 11** Área do Hospital de Conxo: Investigación, Universidade; Campus de Ciencias da Saúde; Parque Científico-Tecnolóxico.

## MOBILIDADE

- 12** Plan de mobilidade peonil e ciclística (cambio da ordeanza de tráfico).
- 13** Novos aparcamentos públicos (Belvís, Olvido, Campus, Hospital, Vista Alegre, Viaduto de Cornes, Estación do AVE; San Lázaro).
- 14** Proxectos comarcais de Park and ride.
- 15** Plataforma especializada de transporte público comarcal (metro lixeiro, carril-bus).

## INFRAESTRUTURAS

- 16** Saneamento do Sar e do Sarela, recuperación biolóxica, policía ambiental, saneamento metropolitano.
- 17** Accesos ao Aeroporto: A9-Autovía; Guitiriz, Santiago = Transcantábrica; Transporte Tren: relación dos intermodais.
- 18** Estación do AVE; Estación de Mercadorías, Centro loxístico de transportes en A Sionlla.

## HINTERLAND

- 19** Propostas para o *hinterland*:
  - Comunicación ferroviaria con Ribeira.
  - Silleda (o complexo feiral)
  - Conexión Carballo
  - Mallado da conexión de Santiago coas novas comunicacións entre A Coruña e Costa da Morte, Muros.
  - As vilas do Camiño de Santiago.
  - Vilagarcía: Porto de Santiago de Compostela. Potenciación turística recíproca.

## CIDADE DA CULTURA


### **20** Conexión cidade–Cidade da Cultura:

- Establecer un acceso directo na Autoestrada AP-9 remodelada, con tres carrís de circulación por sentido, no tramo Santiago Norte-Santiago Sur, resolvendo na nova sección os problemas de interferencia co tráfico rexional pasante que preocupan á administración da autoestrada.
- Prever o enlace Santiago Norte-Norte coa Autovía de Lugo para o acceso directo ao Aeroporto de Lavacolla e para o acceso dende o Corredor do Cantábrico e da Autovía A-6 da Meseta.
- Executar un acceso directo en viaduto dende a glorieta alta de Fontiñas (remodelada para permitir todos os movementos e para salvar o gálibo das vías do ferrocarril) no Vial Periférico (distribuidor do tráfico urbano da cidade).
- Diversificar os accesos urbanos mediante Vía-Parque pola marxe sueste do futuro Parque das Brañas de Sar, entre o Multiusos de Sar e Pontepedriña, con prolongacións cara ao norte a través do Barrio de Fontiñas, e con comunicacións cos ensanches do Sur e coa cidade histórica a través da Avda. Amor Ruibal, da nova vía Pontepedriña-Cornes, e da nova vía Pontepedriña-Sar.
- Executar un acceso complementario Lamas de Abade-Cruceiro de Sar, capaz de canalizar tráfico urbano de proximidade da cidade que se expande ao sur do ferrocarril.

- Elaborar a barreira ferroviaria e acondicionar o Parque das Brañas de Sar e da súa Vía-Parque do sueste, para enriquecer a aproximación peonil a pé de monte dende o contacto coa cidade densa (Rúa do Hórreo, Avda. de Lugo, Rúa de Sar) e dende a Estación Intermodal de Ferrocarril.
- Acondicionar o acceso peonil dende o barrio de Fontiñas e, a través del, dende os ensanches do Norte.
- Prever medios mecánicos que faciliten o ascenso dos peóns dende o pé do monte (transporte especializado MICROMETRO).




**PLANOS**







# GRANDES DOTACIÓNS PÚBLICAS NOVAS ACTUACIÓNS






## ENSANCHES RESIDENCIAIS E EMPRESARIAIS DO NORTE





## ÁREAS URBANIZABLES NOVAS ACTUACIÓNS DE VIVENDA



# garantía de progreso

Xosé A. Sánchez Bugallo  
Alcalde



[www.bugallo.es](http://www.bugallo.es)

o teu voto pode

faremos  
máis

PSG  
PSOE

